



O ESCULTOR ASOREY

FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ | Real Academia Galega de Belas Artes

Felipe-Senén López Gómez

Historiador da Cultura Galega. Formado na Universidade de Compostela (1969-1974), onde ademais recibe prácticas de Museoloxía con Manuel Chamoso Lamas. De 1975 a 1997, Conservador do Museo Arqueolóxico da Coruña, da que pide excedencia para ser Técnico de Cultura e Museólogo da Deputación da Coruña. Numerario da Academia Galega de Belas Artes e do Instituto J. Cornide de Estudos Coruñeses, entre outros. Preocupado pola sensibilización cultural, creador e animador de varios colectivos e cunha ampla actividade como conferenciante, divulgador e estudoso da historia da Cultura Galega, especialmente nos eidos da Arqueoloxía, a Etnografía e a simboloxía, entre eles da obra do Arquitecto A. Palacios, singular figura que circunscribe no seu contexto espacial e temporal e que caracterizou o *Decadentismo*, como contestación á deshumanización que podía levar a revolución industrial. Entendendo a Palacios como seguidor dos presupostos da Xeración Nós, na procura de solucións de orixe, orixinais, potenciando e re-creando sobre as pedras, sobre as artesanías e as arquitecturas históricas que conflúen en Galicia.



- **Textos:** © Felipe-Senén López Gómez
- **Fotografías:** Xurxo Lobato, Raúl Río, Felipe-Senén e Mercedes Espiño
- **Deseño Gráfico:** Alejandro R. Velázquez
- **Agradecementos:** Fundación Asorey

© **Editorial:**

Deputación Provincial da Coruña
Alfárez Provisional, 2
15003 A Coruña

- Depósito Legal: C 532-2024
- ISBN: 978-84-9812-418-7

Imprenta Provincial.
A Coruña, 2024

O ESCULTOR ASOREY

(Cambados, 1889-Compostela, 1961)



FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ

Real Academia Galega de Belas Artes





Logotipo do 175 aniversario da RAGBA
Autor: Xosé Díaz Arias de Castro

ETERNIDADE E UNIVERSALIDADE DUN ESCULTOR GALEGO: ASOREY

Determinou a *Real Academia Galega de Belas Artes* que neste 175 aniversario da súa creación o “*Día das Artes Galegas 2024*” se dedicase ao escultor de Cambados Francisco Asorey. Unha vida intensa do fillo dun emigrante a Arxentina con fitos importantes para o seu desenvolvemento no Cambados da súa infancia, na Cataluña, o Euskadi e o Madrid da súa mocidade e a madurez na Compostela que levou sempre prendida. Creador con obra moi repartida por España, Arxentina, Uruguay e máis por Galiza. Así é que alí onde el estivo ou onde deixou obra quixeramos celebralo, lembrar aquela súa mensaxe de humanismo.

Non podería ser doutro xeito que Asorey estivese entre as primeiras dedicacións dun *Día*, dun *Ano* para un creador ou creadora galega, sabendo do valor intemporal, non so da súa obra, senón tamén do seu exemplo como escultor: estudoso da Historia da Arte, traballador incansable, amigo dos colegas, con fondas raiceiras na tradición popular, a pé de obra na construción de Galicia... Así é que Asorey non é cousa de onte, nin tan só dun día, é cousa de sempre, asociado a Galicia e á universalidade da Arte, orbe dun creador que supón as súas creacións, debuxos, bocexos, esculturas... pero tamén o contexto das mesmas, en ocasións espazos públicos, museos, coleccións...e como non, mesmo quen as estuda e as honra, entre os que queremos lembrar aquí e homenaxear ao que foi ilustre académico da corporación que hoxe presido, don Ramón Otero Tüñez, o profesor que, coa súa publicación “*El escultor Francisco Asorey*” (1959) estudo realizado en propia vida do artista e tendo como testemuña, abriu e segue a animar a pescuda sobre o creador galego. E con el, a Academia quere honrar tamén a cantos seguen ese ronsel, algo do que queremos deixar constancia nesta nova homenaxe, nestas novas páxinas da autoría do académico Felipe-Senén López Gómez.

Agradecemos intensamente a cantas institucións entenden con nós a significación desta celebración, extensiva dun día a todo un ano, como convite a reivindicar a capacidade creadora e canto envolve a cultura de Galicia. Así mesmo obrigados e sumados á familia do artista polas facilidades dadas, a cantas persoas e asociacións colaboran con nós no estudo, na conservación ou na difusión do mellor que pode ofrecer o ser humano, os códigos de comunicación, de entendemento como é Arte, o humanismo.

MANUEL QUINTANA MARTELO
Presidente da Real Academia Galega de Belas Artes

A ASCO



Francisco Asorey

"A ASOREY"

*¡Ditoso o que se sabe guiar polas estrelas!
¡Ditoso ti que nado baixo o feitizo delas
atopache o sendeiro e acertache a voar
co corazón a arder, nos beizos un cantar!
Cuberto das silveiras e as edras silenzosas,
a céltiga roseira morría sin dar rosas.
E xurdeu Picariña, o gromo milagreiro
E na mesma ponliña fillas do mesmo amor,
o sol de cada maio puxo unha nova fror,
Até que o derradeiro, abrindo a Edade de Ouro
floreceu por enteiro na rosa O Tesouro.
¡Ditoso o que no fondo das íntimas arelas
encontra a nova vida e a misteriosa traza
dos místicos ensonos da súa enxebre Raza!
¡Bendito ti que soio, na noite escurecida,
forxando a chave de ouro dende Mateu perdida,
guiado das estrelas, soupeche eternizarte
abrindo a Porta Santa da Catedral da Arte!"*

RAMÓN CABANILLAS



13 **01 | Unha permanente investigación**

- 15 ASOREY NA CELEBRACIÓN DO 1 DE ABRIL DE 2024, "DÍA DAS ARTES GALEGAS"
- 15 PERMANENTE LEMBRANZA DE ASOREY NA ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES
- 17 OS ESTUDOS DA OBRA DE ASOREY: (1959) O PROFESOR OTERO TÚÑEZ NESTES ALICERCES
- 19 (2018) A TESE DA DOCTORA MARIBEL IGLESIAS BALDONEDO, NOVO REPASO DA VIDA, OBRA E DO CONTEXTO DE ASOREY



23 **02 | Devalor histórico**

- 25 OS ANOS CONVULSOS E ESPERANZADOS DA VIDA E DA OBRA DE ASOREY: DO REXURDIMENTO AOS PRECEPTOS DAS IRMANDADES DA FALA E DA XERACIÓN "NÓS"
- 27 UNHA OBRA QUE EXPRESA A SINGULARIDADE CULTURAL DE GALIZA COMO "CÉLULA DE UNIVERSALIDADE"
- 28 CONTEXTUALIZAR A IDEA DE "RAZA" DENTRO DO CARÁCTER ÉTNICO, CULTURAL E DIFERENCIAL DUN POBO
- 29 ANOS DE CONFRARIÁS, IRMANDADES, SEMINARIOS...

ÍNDICE



33 **03** | Os vieiros andados

- 35** (1889) CAMBADOS... "POBRE, FIDALGO E SOÑADOR..." AS ORIXES NAS QUE RADICA A ORIXINALIDADE
- 37** (1903) NUNHA BARCELONA NA QUE BATEN OS "ISMOS" QUE ABREN AO SÉCULO XX
- 38** (1906) EUSKADI, ONDE AFIANZAR AS RAICEIRAS DO "ESPÍRITO"
- 42** (1909)... NUN MADRID DE PARLADOIROS E BUSCAS QUE VAN DO ACADEMICISMO ÁS ROTURAS
- 43** (1915) UNHA NOVA VISIÓN DO COSTUMBRISMO ESCULTÓRICO



47 **04** | Arte con "espírito"

- 49** (1918) O RETORNO A UNHA GALIZA NO DEBATE POR "SER". O TALLER DE CARAMONIÑA
- 50** (1920) ESCULTURAS CO "ESPÍRITO DE TERRA"
- 52** A ÉTICA E A ESTÉTICA, O DEBATE ARREDOR DA "ARTE GALEGA"
- 55** (1926) AS CONTRAPOSTAS IMAXES DUNHA "SANTA" E DUN "SANTO" PARA UNHA EXPOSICIÓN NACIONAL



61 **05** | A busca da Alborada

63 (1930) O OBRADOIRO COMPOSTELÁN DE SANTA CLARA: OS GRANDES MONUMENTOS... ASCESE CARA A ALBORADA

65 (1934) O MONUMENTO A CURROS DA CORUÑA COMO ALTAR DE GALEGUIDADE

68 (1930) AUMENTO DE ENCARGOS

75 BUSTOS, PLACAS, MEDALLAS E OUTROS ENCARGOS

81 A COLABORACIÓN DE ASOREY COA "CERÁMICA ARTÍSTICA GALLEGA DE PONTECESURES"



85 **06** | Os anos da ditadura

87 OS ANOS GRISES DA GUERRA E DA POSGUERRA

89 (1944) A VOLTA ÁS VELLAS PREDILECCIÓN EN RELACIÓN CO POBO

92 (1959) AS HOMENAXES DOS ANOS FINAIS

INDIC

INDIC



95 **07 | Abrindo a unha nova estética na arte galega**

- 97 ALUMNOS E DISCÍPULOS: O CLASICISMO, O EXPRESIONISMO, AS TRADICIÓNS...**
- 98 COETÁNEOS E SEGUIDORES DUNHA NOVA ESTÉTICA**
- 99 ASOREY VISTO POLOS CREADORES E AMIGOS DO SEU TEMPO**



101 **08 | Lección para hoxe**

- 103 AS OBRAS DE ASOREY HOXE, SOMETIDAS AO PASO DO TEMPO**
- 107 CONCLUSIÓNS**
A significación intemporal dun escultor do "espírito"
- 109** Os estudos sobre a Obra de Asorey: de Otero Túñez a Maribel Iglesias
- 110** Asorey e a súa obra, Cambados e Compostela celebrados no *Día das Artes Galegas do 2024*
- 111** Entre os "ismos" modernistas a busca da orixinalidade: Barcelona, Barakaldo, Madrid...
- 112** O recoñecido e premiado escultor do "espírito" de Galiza
- 113** Obras simbolistas que arrancan da forza da Terra, cara á Luz... e por medio unha ascese
- 115 BIBLIOGRAFÍA**



O ESCULTOR ASOREY

01

**Unha
permanente
investigación**



**Retrato de Francisco
Asorey González.**

Fotografía: Pacheco

ASOREY NA CELEBRACIÓN DO 1 DE ABRIL DE 2024, “DÍA DAS ARTES GALEGAS”

Ramón Cabanillas é a palabra clave coa que queremos comezar esta introdución á obra inmensa doutro cambadés, o escultor Asorey e, a fin de emular a súa idea, escollemos aqueles derradeiros versos do poeta en “Encomenda” que din: “*Quero na lousa que me dé sosego/esta palabra que ten luz: “Gallego”/e esta palabra que ten ás: “Poeta”*”. E facémolo porque nestes versos encádranse e latexan permanentes da obra de Asorey e do sentimento galeguista da modernidade: Galiza como luz e esperanza e a de poeta como artista que comporta o tan buscado “*espírito*”, a alma, a cerna do pobo.

Despois de longos debates, a Real Academia Galega de Belas Artes, en plenario celebrado na súa sede da Casa do Real Consulado da Coruña o 31 de xaneiro do 2015, acorda celebrar cada 1 de Abril como “*Día das Artes Galegas*”. Elíxese esa data por ser a que figura no epígrafe do lintel do Pórtico Gloria, do 1188 na que se erguen e asentan os mesmos e na que consta que é obra, dende os seus alicerces, do Mestre Mateo. Non podía ser outra que esta primeira dedicatoria do 2015 fose pois ao Mestre Mateo e escoller como portal esta fachada protogótica, occidental da Catedral Compostelá, por canto significa e vencella todas as artes: a arquitectura, a escultura, a pintura, música, escenografía. O acto da celebración tivo lugar en Compostela, no Hostal dos Reis Católicos... e dende entón vaise asentando tal conmemoración, realizada cun fin divulgativo das artes galegas dentro do seu contexto temporal e espacial e mesmo dende a significación actual. Convocatoria que a Academia realiza mediante un cartel, incluíndo ciclos de conferencias, exposicións, publicacións, itinerarios culturais. Así é que despois do Mestre Mateo foron elixidos para tal celebración: Castelao (2016), Maruja Mallo (2017), Alejandro de La Sota (2018) Luís Seoane (2019), Domingo de Andrade (2020-2021), Laxeiro (2022) e Martín Codax (2023). En sesión de 1 de xullo do 2023, despois de analizar outras propostas e proceder a votación acordase que para o ano 2024 o Día das Artes Galegas se dedique ao escultor Asorey.

PERMANENTE LEMBRANZA DE ASOREY NA ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES

A entón *Academia Provincial de Belas Artes da Coruña* é unha das oitos institucións provinciais creadas por Real Decreto de 31 de Outubro do 1849, coa intención de dar pulo ás Belas Artes, a súa formación en escolas especializadas adscritas ás Akademias, así como vixiar pola salvagarda do patrimonio cultural, naqueles anos moi danado. Como non podía ser doutro xeito a obra

de Asorey foi seguida e estivo moi presente nesta Academia. Mesmo esta corporación estivo representada na comisión e xurados do concurso de proxectos para o monumento a Curros, no que despois dun longo proceso escolle a Asorey como autor do mesmo. Tanto que en plenario de 23 de abril do 1944 é nomeado Académico, iniciativa asinada por José Baldomir Rodríguez, Narciso Correal Freire de Andrade e Eladio Rodríguez. Asorey toma posesión o 9 de novembro de 1947 e faino doando o bocexo en escaiola da Virxe do Mar, que será entregado pola familia o 17 de abril de 1962. Imaxe que sería realizada para dar entrada ao Porto da Coruña e que representa á Virxe erguida, como faro, *Stella Maris* que acolle no colo ao Neno que, en xeito premonitorio abre os brazos en cruz. No fondo desta obra latexan principios do escultor xa tratados dende a óptica modernista na escultura da Virxe rianxeira de Tanxil. Agora a imaxe estilízase máis en altura¹. Sen esquecer que o profesor de debuxo na *Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos da Coruña*, académico e director do Museo de Belas Artes da Coruña dende 1970 a 1987, Luis Quintas Goyanes (1907-1987) que debuxou o rostro dun Asorey morto.

Referirémonos a Asorey así, unicamente polo apelido, pese incluso a que o escultor prefería asinar as súas obras como Francisco Asorey, mesmo con rúbrica remarcada en cor vermella como fixo e inmortalizou en fotografía co monumento a Curros na Coruña. Sabendo pois que nos monumentos realizados por el gustaba de sintetizar o nome dos homenaxeados, escollendo o usado popularmente: *Curros*, *Loriga*, *Aller...* Así que abundará con dicir Asorey para imaxinar un universo que implica un tempo, contextualización de confluencia de diversificación de “ismos” con canto supoñen de filosofías, teorías, sucesión de rupturas, dialéctica vangardista a partires das innovacións nas formas de enxergar e crear que supoñen Cezanne, Gauguin e Van Gogh na pintura até un Rodin e máis aínda un atrevido e rompedor Picasso, para transcender un sentimento modernizador, seguidor de Ortega y Gasset que propón perspectivas para enxergar o que somos en Europa.

Polo 1880 nace unha xeración de creadores que, dentro da filosofía de Ortega y Gasset e dun océano de “ismos” tratan de vertebrar a emoción individual e común de rexeneración e universalidade das singularidades e velaí a Gargallo, Picasso, Clarà, Julio González, José Capuz, Victorio Macho, Casanovas e a figura que nos trae aquí, Asorey.

Contexto de afianzamento nas orixes, na identidade como punto de partida, na que entra un galeguismo guiado por personalidades anovadoras das doutrinas precursoras de Murguía como Vilar Ponte, Risco, Castelao os que, entrando no Modernismo, reflexionan e teorizan sobre unha nova Arte Galega, unha arte con “espírito”, con raiceiras na Terra, Galiza, onde non faltan inspiradores “*locus amoenus*” como é o Cambados natal do escultor, a Compostela dos seus

¹ Imaxe reproducida en escaiola, á escala da que iría na Pena das ánimas, entrada do Porto da Coruña, bocexo e que hoxe se mostra na Escola de Arte Superior de Deseño, Pablo Picasso da Coruña.

talleres, das súas clases, alumnos e seguidores ou o Balneario de Mondariz, o dos mecenas da familia Peinador, o dos parladoiros intelectuais, arredor de Murguía, da mesma Rosalía, de Risco, Castelao, Cabanillas, de Antonio Palacios... para dar como resultado ese realismo máxico que tanto bebe nas fontes identitarias celtas, como as clásicas grecolatinas e cristiáns, as que propoñen e caracteriza a cerna “espiritual” da chamada “Arte Galega”.

OS ESTUDOS DA OBRA DE ASOREY: (1959) O PROFESOR OTERO TÚÑEZ NESTES ALICERCES

Sabemos que dende os seus primeiros momentos o escultor de Cambados é solicitado para realizar encargos por párrocos, alcaldes e particulares, especialmente por Galiza. A un tempo que a obra de Asorey e dende novas perspectivas está na mirada do estudo, incluso en novas edicións en diferentes soportes e con maior calidade de imaxes. Ao respecto é pioneiro e sobranceiro o traballo de investigación sobre o escultor Asorey realizado en vida deste polo entón novo profesor de Arte que era Ramón Otero Túñez, sendo amigo do escultor dende 1946 cando preparaba a súa tese doutoral sobre a imaxinería barroca compostelá e introducía ao doutorando non só nas técnicas escultóricas, senón na súa mesma arte,


Bosquexo en escaiola para o Monumento da Virxe do Mar no Porto da Coruña.

Francisco Asorey, 1946.

Colección Real Academia Galega de Belas Artes.

Fotografía: Xurxo Lobato





Cuberta de *El Escultor Francisco Asorey* por Ramón Otero Tüñez

argumento de devandito libro. O profesor Otero Tüñez foi significado membro da Academia Galega de Belas Artes, elixido en 19 de novembro de 1983 e ingresando o 21 de novembro de 1985 co discurso *"Rastreado el pasado de mi Universidad"*, institución na que permanece activamente até o seu pasamento o 9 de febreiro do 2010. Lembramos a aquel profesor que remataba o curso de Historia da Arte cunha apaixonada lección dedicada a Asorey e ao seu tempo, ao contexto europeo, ibérico, galego... Sementeira dende as aulas compostelás que non foi inútil. Mesmo coa ansia de localizar obra inventariada do autor, consultaba cos alumnos de determinados lugares a fin de que fixeran pescudas sobre o seu paradiro. Así o fixo con quen isto escribe respecto á imaxe dunha Inmaculada, encargada por unha parroquia do Carballiño, coa indicación do escultor de que este encargo non debía ter demasiado cor na cara da imaxe.


Don Ramón Otero Tüñez é autor dunha obra base, imprescindible para furar na obra de Asorey e escrita en vida do mesmo artista: *"El escultor Francisco Asorey"* Edición da Universidade de Santiago de Compostela (4-III-1959) realizada como *"Homenaje de la Universidad de Santiago de Compostela al gran Artista en su setenta aniversario"*, con fotografía de Ksado e prólogo do catedrático de prehistoria Carlos Alonso del Real. No 1986, ao cumprirse 25 anos da Morte de Asorey a Dirección Xeral de Cultura e Patrimonio Histórico da Xunta de Galicia e o Concello de Cambados, dedícanlle unha exposición antolóxica e publican unha monografía baixo a Dirección de Pilar Corredoira e Adela Leiro, así como a implicación do escultor cambadés Francisco Leiro, con tal motivo organizan varios actos. O *"Centenario Francisco Asorey"* é celebrado polo *Museo do Pobo Galego*, 1989. Do 6 ao 15 de agosto do ano 1989 o concello de Cambados, dedícalle unha exposición *"Asorey (1889-1989)"* coordinada por X. Luis Rey Núñez e Ángeles Valladares, mostra de obra de varios artistas de diferentes xeracións, homenaxe que terá como espazo expositivo o Pazo de Fefiñáns e o Auditorio do Concello. Mostras da obra do escultor cada vez máis completas, localizándose obras que parecían perdidas, como a ofrecida pola Fundación Torrente Ballester en Compostela dende o 9 Setembro ao 30 de outubro do 2011, tendo como comisario a Miguel Fernández-Cid.

Ao respecto da actualización sobre o escultor é sobranceiro o aporte de M. Carme Asorey Abelleira co “O Asorey descoñecido”. Catálogo da exposición Francisco Asorey, 125 anos do seu nacemento. Comisaria e texto: M. Carmen Asorey Abelleira. Santiago, 2014.

(2018) A TESE DA DOUTORA MARIBEL IGLESIAS BALDONEDO, NOVO REPASO DA VIDA, OBRA E DO CONTEXTO DE ASOREY

Necesariamente cómpre sumar ás pescudas e ao que nos trae aquí os máis novos estudos, tal como o da doutora en Historia da Arte pola universidade compostelá e profesora de ensino secundario en Cambados, Maribel Iglesias Baldonado “Francisco Asorey, Escultor Galego” Ed. Dr. Alveiros, Fundación Vicente Risco, Allariz, Ourense 2018. Tese de doutoramento dirixida polo profesor Xosé Manuel B. López Vázquez e defendida na universidade compostelá no ano 2015. Traballo que, actualiza o inventario das obras do escultor de Cambados, o paradiro da maioría delas, catálogo aínda así incompleto. Engadindo que este traballo de investigación aporta ademais o estar tramado dende a perspectiva de hoxe, actualizando a obra pioneira de Otero Túniz dentro das correntes estilísticas que os anos foron acuñando na primeira metade do século XX, especialmente os presupostos do galeguismo. Obra que afonda nos momentos da guerra civil nos que ao ollar o acontecido con compañeiros con ideais semellantes en canto significaba Galiza, como Camilo Díaz, Ánxel Casal, Bóveda, entre tantos que foron paseados, fusilados ou escolleron os camiños do exilio, Asorey cavilou en acocharse, fuxir... sen embargo, igual que Risco, Cuevillas, Otero Pedrayo ou o seu mesmo amigo, paisano e guía espiritual nas cuestións da Terra, Ramón Cabanillas. Acolleuse e salvouno o seu fondo fervor relixioso, sumando a boa sona que tiña entre o clero e outras autoridades que lle encargaban obras. A partires do mesmo ano 1937, Asorey recibe encargos do novo réxime.

**Cuberta de Francisco Asorey
Escultor Galego por Maribel
Iglesias Baldonado**



Actualización a devandita que parte, valora inmensamente e asume a obra do profesor Otero Túñez, da realizada en vida do autor e revisada polo mesmo. Aínda así asúmese que foi elaborada en anos coutados pola ditadura, onde se solapan certos aspectos relativos á ética e estética dos preceptos do *Seminario de Estudos Galegos*.

Por outra banda tamén consideramos sobranceiro para o caso que nos trae aquí o traballo de fondo e necesario carácter didáctico, complementado con roteiros a través dos camiños e museos en relación coa vida e a obra de Asorey, levado a páxinas dixitais, realizado pola licenciada en filoloxía galego-portuguesa, profesora de educación secundaria en Cambados, Mercedes Espiño "*Francisco Asorey en Santiago de Compostela, Museos e Itinerarios históricos-artísticos*". Ensinar e aprender noutros contextos. Compostela 30 novembro 2022, Consellería de Educación Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Ao respecto de canto xera a vida, a obra e o tempo de Asorey, tampouco deixaremos de lado a novela de carácter histórico do malogrado polígrafo republicano, canteiro, mestre, avogado, escritor, político fusilado no cemiterio de Boisaca en setembro do 1936, Xoán Xesús González, autor de "*A modelo de Paco Asorei*" 1936.

Namentres retomamos a figura de Asorey coñecemos as pescudas que dende o Museo de Lugo ven realizando a historiadora da Arte Lucila Yáñez, tratando de recorrer cemiterios e coleccións a fin de seguir a documentar obra dispersa, descoñecida e polo tanto non catalogada do escultor de Cambados. Ao respecto de datos inéditos ten publicados en prensa varios artigos divulgativos.

PÁXINA DEREITA:

**Portada Catálogo Exposición -ASOREY-
con Naiciña (1924).**

Concello de Cambados e Xunta de Galicia

ASORRY



O ESCULTOR ASOREY

02

**De valor
histórico**



**Simbolo do Seminario de Estudos Galegos (SEG),
deseñado por Castelao**

OS ANOS CONVULSOS E ESPERANZADOS DA VIDA E DA OBRA DE ASOREY: DO REXURDIMENTO AOS PRECEPTOS DAS IRMANDADES DA FALA E DA XERACIÓN “NÓS”

Sirva como referencia para situar a Asorey (1887-1961) nesa fervenza de ismos e de influentes creadores, innovadores nas artes que abren ao século XX: trece anos máis novo que o arquitecto Antonio Palacios (1874-1945), a doce do pintor Álvarez de Sotomayor (1875-1960) ou a once anos do seu influente paisano o poeta Ramón Cabanillas (1876-1959), levándolle tres anos máis Vicente Risco (1984-1963) e Castelao (1886-1950) un. Aínda que tamén seis anos máis novo que Picasso (1881-1973) os mesmos que os do escultor aragonés Gargallo (1881-1934), con canto significa este tempo na apertura de novas vías na produción de formas. Sendo Asorey dez anos máis vello que Maside (1897-1958) considerado como o teórico da Arte Galega.

Agoniza o século XIX entre tendencias historicistas que van dende as lembranzas “neos”, grecolatinas ao universo medieval, o renacemento e as variadas facianas nacionais, como o neoplateresco hispano, o neomanuelino portugués... virtuosismo eclecticista nas artes, que buscan algo novo conciliando coas nunca desaparecidas tendencias clasicistas propostas polas academias, dentro da lealdade ao realismo. Na Galiza o Rexurdimento como movemento rexionalista abandonado por Murguía, mirándose no espello de Irlanda e centrado no celtismo abre, de vagar, novos camiños, pese que os creadores resístense a deixar as tendencias propagadas dende as metrópoles ou o realismo francés que se vai descompoñendo en expresionismo. Tendencias incentivadas por certames, exposicións, bolsas de estudos, premios que supoñen recoñecemento e marcan tendencias dentro do retrato, da interpretación da paisaxe, da historia, do costumismo. Confluir e bater de tendencias entre as que se pon en valor a singularidade, todo o que fuxe da vulgaridade, atopando nas mesmas orixes a ansiada orixinalidade. Lembramos entre os pintores precusores a Serafín Avendaño (1838-1916), tan admirado por Murguía; a José María Fenollera (1851-1918), formado en Roma e París; a Modesto Brocos (1852-1936), irmán do escultor Isidoro, seguidores do naturalismo e do costumismo eclecticista; a Román Navarro (1854-1928)... observadores, magníficos retratistas, que en ocasións acudirán ao tema rural, ao folclore.

Creadores os devanditos que abrirán as portas aos máis novos, xa instruídos en academias, como Vaamonde, LLoréns, igual que o farían os membros desa xeración malograda, como foi Jenaro Carrero (1874-1902), Ovidio Murguía (1871-1900) ou Parada Justel (1871-1902), os que dan o paso decisivo á anécdota costumista e a unha serie de rompedores coas formas, como foron os creadores da xeración de 1880, Picasso, Braque, Gris... Igual acontece na escultura, do decorativismo dourado do barroco con figuras tan sobranceiras na arte española, vólvese

ao clasicismo de tradición greco-latina, predilección polo mármore, polo retrato, velái as esculturas de Edmé Bouchardon (1698-1762), as de Canova (1757-1822) que diviniza ás súas figuras, as composicións do danés Thorvaldsen (1770-1884). Francia e a súa revolución están de moda. Arcos de triunfo e columnas das grandes cidades complementáanse con temas escultóricos historicistas propios deses anos da Ilustración. En España, o noiés Felipe de Castro (1711-1775) formado en Compostela, Sevilla e Roma, será chamado como director da Escola de Escultura da Academia de San Fernando, Bernini está nas súas miras, pero a figura fundamental do neoclásico será Xosé Ferreiro (1738) con importante obra en Compostela, outros dos referentes composteláns serán Manuel de Prado (1743) e Melchor de Prado... destaca o andaluz Álvarez Cubero (1768-1827) e o catalán Campeny (1771-1855) como Solá (1780-1861). O paso que vai fendendo co academicismo darao August Rodin (1840-1917), os cataláns Llimona (1864-1934), Miquel Blay (1866-1936), Clarasó (1857-1941), os irmáns Vallmitjana, entre outros tomarán

nota. En Compostela destaca Juan Sanmartín de la Serna (1853-1919), formado nas academias de San Fernando e de Roma, seguidor das novas tendencias naturalistas, como Francisco Vidal y Castro que recibe encargo de importantes obras monumentais, e sobre todo Isidoro Brocos



Tarxeta postal de Ramón Cabanillas a Joaquín Sánchez.

Manuel Sánchez Peña.

Galician: Biblioteca Digital de Galicia.

Fotografía extraída de europeana.eu

(1841-1914) profesor de Modelado na Escola de Belas Artes da Coruña, escultor que refire para as súas obras os temas populares. Un referente rompedor que busca a expresión inspirado directamente en Rodin e en Camille Claudel, será o coruñés Emilio Madariaga Rojo (1887-1920), formado en París.

Os encargos de estatuaria monumental a sobranceiros escultores como Mariano Benlliure (1862-1947) ou Coullant Valera en cidades como Compostela ou A Coruña, non deixan de ser un influente referente para os novos escultores.

UNHA OBRA QUE EXPRESA A SINGULARIDADE CULTURAL DE GALIZA COMO "CÉLULA DE UNIVERSALIDADE"

A vida de Asorey (1889, Cambados - 1961, Compostela) transcorre en momentos convulsos, de transicións políticas: o paso do Antigo Réxime a unha nova orde, Monarquía de Alfonso XIII, ditadura de Primo de Rivera, república, guerra civil e ditadura franquista. Por outra banda son anos que supoñen pescudas en todas as ordes, na busca da singularidade persoal e colectiva de Galiza como "*célula de universalidade*"; dando o paso do rexionalismo romántico ao nacionalismo contemporáneo. A sensibilidade Modernista dos creadores galegos buscan o propio, as orixes, os piares sobre os que re-crear a súa identidade que entenden están no celtismo occidental atlántico e no cristianismo, adquirindo un forte valor a escultura, tan marcada pola estética que xera a materia prima, a pedra. Sentir románico que mesmo pasa á pintura. Pasará a denominarse ao escultor Asorey, ao arquitecto Palacios, ao pintor Álvarez de Sotomayor, como ao poeta Ramón Cabanillas, "*Artistas da Raza*", e será por cultivar nas súas obras esas singularidades de dignificar, de enxalzar ao pobo oprimido dende os presupostos étnicos, culturais, éticos e estéticos. Termo de "raza" do que se abusou, propio daqueles anos e que cómpre contextualizar e matizar hoxe. Momentos propensos a crear irmandades, confrarías, seminarios, parladoiros arredor de sentimentos socioculturais, políticos, relixiosos: "*...da inxuria ao rudo encono...*" di o Himno Galego, herdo dos románticos precursores do Rexurdimento, cando se asume a situación dunha Galiza, que fronte á marxinación, a explotación e o asoballamento que se dicía, responde coa emigración. Ante tal opresión económica, política e cultural, máis manifesta aínda no ambiente rural, labrego e mariñeiro, gardador do idioma, das tradicións, da identidade, xorde entón a reacción e enxálzanse as diferencias que se entenden como aporte á universalidade. E velaí a idea de raza como singularidade étnica, cultural, ansia de SER con dignidade entre os demais.

CONTEXTUALIZAR A IDEA DE “RAZA” DENTRO DO CARÁCTER ÉTNICO, CULTURAL E DIFERENCIAL DUN POBO

Certo que os conceptos de raza, racismo, nación, nacionalismo, como mesmo identidade son complexos e variables, “asegún” diría un Risco de cerna heterodoxo, máis aínda entre unha riada de “ismos” que desembocan no abrente do século XX, ante unha ansia nova fronte ao “Decadentismo” de Europa. Terase en conta a historia, as mudas, as súas causas e os seus efectos. No caso galego enténdese “raza” como identificación, o orgullo histórico dun pobo de megálitos, castros denominados “celtas”, da primeira cristianización e trunfo no Románico expresado polo Pórtico da Gloria... cimo e singularidade do Barroco. Para avalar aos “bos e xenerosos” de herdos célticos, acódesse a outro pilar que forma parte dese “espírito”: a tradición, priscilianista, cristiá, esa interrelación paisaxe-paisanaxe tan do panceltismo atlántico, mirándose no espello de Irlanda. Sentimento celto-cristián tan imbuído de humanismo, orientalismo, ao que se suma a descuberta do pacifismo de Gandhi e dos versos e filosofía de Rabindranath Tagore, tan propagados por un Vicente Risco pioneiro, nestas teorizacións, mesmo arredor da arte galega, fronte a un xermanismo que desembocará en feitos tan execrables, segregacionistas e criminais que lle darán un novo senso a símbolos por eles usados e, conseguintemente con elo ao sentimento de raza.

Para as creacións póñense en valor os materiais de Galiza, as pedras fundamentalmente, enxálzase aos artesáns, entre eles aos canteiros tan na tradición e co referente de Mateo, así como a



Alfonso R. Castelao retratado por Pacheco

esa longa historia da Arte deixando unha singular pegada, un halo de realismo máxico, visible na obra do arquitecto Palacios, como na escultura de Asorey, nos versos de Cabanillas, nos textos de Otero Pedrayo, nas “Cousas” como en moitas pinturas de Castelao, nas que hai máis do que se enxerga, todo unha linguaxe simbólica.

Camiño vital o recorrido por Asorey que supón un significativo periplo para a súa formación, enxergando o acontecer ao seu redor, no espazo e no tempo e que, partindo de Cambados para por unha Cataluña efervescente nas pescudas artísticas do Modernismo, Sarriá, Barcelona e de Cataluña ao País Vasco, a Barakaldo, Madrid... para o retorno a súa Ítaca, ás orixes, a Compostela, urbe onde latexan tantas esencias de Galiza. Un xeito de *peregrinatio*, de aprendizaxe o de Asorey que vai deixando pouso nunha obra de fondo carácter galego.

Son os primeiros anos os de Asorey os de crise económica e política, os da Restauración borbónica (1874-1923) cos conseguintes desencontros entre conservadores e liberais, seguidos da Ditadura de Primo Rivera (1923-1930) co retoque, ao final, da *dictablanda* do Xeneral Berenguer (1930-1931), a República (1931-1939) seguida dos anos da ditadura franquista. Momentos nos que a filosofía galeguista do Rexurdimento, os chamados Precursores, ofrecen o proxecto rexionalista, a toma de conciencia rexeneradora fronte ao caciquismo que oprime aos “*escravos da Terra*”, os que non atopan outro camiño que a submisión ou a emigración. Momentos de publicacións de obras de Rosalía, de Curros, de Lamas Carbajal ou de Pondal, cando no 1889, ano do nacemento de Asorey, Murguía publica “*El Regionalismo gallego*” a un tempo que sae o “*Rexionalismo*” de Alfredo Brañas. Dos filántropos galegos enriquecidos na emigración a Arxentina e a Cuba, non soamente chegan cartos, tamén chegan ideas reparadoras, de fondo carácter social en procura da devandita autoestima coa construción de centros sociais, escolas, asilos... Ambiente rexeneracionista no que nace un novo asociacionismo e faise seguindo aos movementos obreiros de entón, como o agrarismo, o que, en Galiza terá unha inmensa forza e seguimento revolucionario: negativas a pagar impostos, fielatos, promovendo manifestacións, mitins, folgas... E velaí que xorden parladoiros como no 1893 o coruñés da *Cova Céltiga* (Librería de Carré Aldao), dentro do sentimento agrarista nace no 1897 a *Liga Gallega*, organización aberta “*pola rexeneración da Patria Galega*”.

ANOS DE CONFRARÍAS, IRMANDADES, SEMINARIOS...

Os exemplos independentistas das colonias de España por ultramar eran referente, comezou entón a escoitarse e a escribirse sobre “*autonomía para Galicia*”... Así foron estendéndose polo mapa deste confín variados tipos de organizacións, nacen ligas, irmandades, unións campesiñas, colectividade de fondo sentido rexionalista, como a creada na Coruña no 1907, e con elas as conseguintes publicacións e xornais de forte incidencia. Ano no que, entre outras, nace na



**Membros da Real Academia Galega
no Balneario de Mondariz, 1920**

Coruña o xornal *A Nosa Terra* que cultivará un firme sentimento identitario e que dá o paso do rexionalismo ao nacionalismo. Dende 1923 co golpe de Estado e a entrada da Ditadura de Primo de Rivera predomina o agrarismo católico, representado pola singular e sedutora figura do popular abade de Beiro, Basilio Álvarez. As reivindicacións catalás de Cambó son un novo espello no que mirarse. Toma forza na escena unha figura transcendente en canto significa a teorización, a cultura galega, Vicente Risco.

Aquel galeguismo dos anos modernistas nútrese de tradicionalismo e de socialcatolicismo, o que, a través de diferentes asembleas se irá perfilando. Así na Asemblea Nacionalista de Lugo, celebrada o 17 e 18 de novembro de 1918, as Irmandades da Fala da Coruña, encabezadas por Vilar Ponte, definiranse como nacionalistas, propagando o federalismo democrático a un tempo

que o nacionalismo organicista propagado por Risco e que será ideario vixente até 1931. Ségúense as teses de Risco, arredor da necesaria e preliminar concienciación galeguista que dalgún xeito coutaban os intereses máis políticos da irmandade coruñesa. Para as eleccións municipais do 1920 o nacionalismo galego pacta cun republicanismo que pretende galeguizar, para na III Asemblea nacionalista celebrada en Vigo do 16 ao 18 de abril de 1921, acordar a participación electoral, aceptando a proposta de Risco de non participar nas eleccións provinciais. Acordos e desacordos que levan á IV Asemblea, celebrada en Monforte do 18 ao 20 de febreiro de 1922, que confirma a escisión para formar a *Irmandade Nacionalista Galega* (ING). Momentos nos que, de cara a alianzas é importante o papel de Antón Vilar Ponte, como a fundada na Coruña a partir de 1929, xunto con Casares Quiroga, a ORGA (*Organización Republicana Autónoma Gallega*). Grupo que trata de tender pontes entre republicanos e os galeguistas de Vilar Ponte, o que leva ao *Pacto de Lestrove* de 16 de Novembro de 1930 que unirá á ORGA co *Partido Radical e a Alianza Republicana*, formando a *Federación Republicana Galega*, que máis ben esquece os fins autonómicos e céntranse na escala do poder. A Nosa Terra continuou baixo a dirección da Irmandade Coruñesa. Nas eleccións da República de xuño do 1931, Castelao acada acta pola candidatura galeguista, Otero Pedrayo conseguiraa en coalición coa Federación Republicana Galega, os que, xunto cos radicais-socialistas ourensáns e pontevedreses en decembro do 1931 formarán o Partido Galeguista. Os éxitos políticos son notables.

O movemento autonómico céntrase arredor do Partido Galeguista, constituído en Pontevedra no 1931, Castelao, Bóveda, Otero Pedrayo serán os seus mellores representantes. Aínda así a escisión volve a considerar os vencellos co Fronte Popular. Pese a todo, en xuño do 36 o PG logra elaborar e aprobar o estatuto de autonomía, ilusións dinamitadas por unha cruel guerra civil que deixa nas cunetas e leva ao exilio a moitos dos que abandeiraban aquelas ideas, outros, a fin de salvarse acóllense aos seus principios cristiáns ou “encúncanse”, como eles mesmo dicían, entre as sombras do silencio, o medo ou o sometemento.

Xornadas celebradas no Balneario de Mondariz, con motivo da recepción na Real Academia Galega, dos novos académicos: Ramón Cabanillas e Antonio Rey Soto



O ESCULTOR ASOREY

03

**Os vieiros
andados**



Postal de Cambados de principios do século XX.
Vista da vila dende o Monte da Pastora

(1889) CAMBADOS... "POBRE, FIDALGO E SOÑADOR..." AS ORIXES NAS QUE RADICA A ORIXINALIDADE

Por vía paterna os Asorey proceden das Terras do Deza, onde mesmo no Concello de Vila de Cruces existe a parroquia co mesmo topónimo de Asorey. Familia dos avós que pasa a Compostela... Aínda que o pai, Antonio Asorey Rei nace na Coruña, cidade na que embarca, seguindo o destino de moitos galegos que naqueles anos románticos emigraban con rumbo a unha prometedora Arxentina. En Bos Aires o pai de familia coñece e casa no 1870 con Elisa González, dunha familia de Cambados, os que, seis anos despois e favorecéndolles a fortuna determinan retornar á vila do Salnés. Establécense cunha tenda de tecidos na Rúa Sol de Fefiñáns, e mesmo cun galpón para fábrica de xabón. Rúa e casa familiar onde un 4 de marzo do ano 1889, tendo a nai 35 anos e o pai 40, nace o que sería o noso escultor, Francisco Hipólito Asorey González, o fillo menor de oito. A nai morre en decembro de 1890, o seu fillo menor, Francisco tiña 22 meses. O viúvo contrae nupcias por segunda vez, será con Balbina Dozo coa que terá nove fillos. Total dos que só chegaron á mocidade 7, algúns destes descendentes aínda quedan en Cambados, outros na Arxentina. Predios familiares na rúa do Sol, os que no ano 1895 e a fin de pagar débedas serán vendidos ao emprendedor comerciante camerano, establecido en Compostela, fundador do Banco Simeón, Simeón García de la Riva e ao seu socio Borrue de Vilagarcía, subministradores da tenda de tecidos, os que non tardarán en revendela. A familia pasa a unha casa con horta, pozo e novo alpendre para fábrica de xabón na rúa de Cambados a Gondar, que chaman *Terra Santa* (segundo pescudas de Iglesias Baldonero, M.)

A paisaxe e a paisanaxe de Cambados, tan representativa do "espírito" de Galiza estará moi presente en Asorey. Vila nacida nunha revolta do inspirador Mar de Arrousa, na veiga e no esteiro do Umia, presidida polo pétreo monte da Pastora, sobre o templo-cemiterio aberto ao ceo de Santa Mariña de Dozo, estendendo o seu casarío mirando ao mar, por unha banda cara a



Vista da casa natal do Escultor Asorey en Cambados hoxe en día.

Fotografía: Xurxo Lobato

5 - CAMBADOS. Una calle de Fefiñanes



Vista de principios do século XX da Rúa Real de Cambados coa casa natal do escultor Asorey á dereita.

Fotografía extraída de fotosantigascambados.blogspot.com

San Tomé e á Torre de San Sadurniño e pola outra cara Triana, a Seca, o piñeiral e pedregal de Tragove, no centro e como un símbolo campá, aberta á paisaxe a solemnidade do Pazo de Fefiñans... Escenarios para os mellores solpores, onde se conxugan matices de mar e terra, arquitecturas góticas e barrocas... como ben sintetiza Otero Pedrayo na súa *Guía de Galicia* e acáido para o caso que nos trae aquí "... Algo e moito da Terra do Salnés, que florece en esencia inmortal en Cambados, brilla na arte de Ramón Cabanillas, o vate das alboradas celtas e das rosas dos xardíns románticos, na arte de Francisco Asorey, que labrou a torada e a peneda co espírito e as técnicas realistas e inspiradas, que deu en Galiza as obras do gran período románico e do longo poñente barroco..." Cambados sempre estivo no horizonte de Asorey, galeguidade, como relixiosidade que se fornece en Compostela.

(1903) NUNHA BARCELONA NA QUE BATEN OS “ISMOS” QUE ABREN AO SÉCULO XX

Pese á teima do pai de que o seu fillo Paco non seguise o camiño de escultor, cóntase e mesmo declara o escultor nunha entrevista realizada na revista *Vida Gallega* do ano 1928, que de neno xa nacera nel esa preocupación relixiosa por labrar imaxes de santiños, de san bieitos e cristos, pequenos modelos de imaxes tradicionalmente veneradas na igrexa cambadesa de Fefiñáns. Rapaz que instintivamente seguía as devocións populares, medrando nel as tradicións pola talla e a policromía tan característica dos artesáns imaxineiros galegos.

O mozo escultor colleu sona en Cambados como imaxineiro, facéndolle os veciños encargos de escultura ou pintura, até o concello lle encarga retocar anualmente os cabezudos que saen nas festas... ao ano seguinte polo abuso do óleo, neste caso aceite de cociñar, deulle o desgusto de que aquela pintura, non ben preparada, corrérase polas caras de cartón. Cóntase que o seu pai insistía en que deixase aquela afección e que mesmo lle tirou as súas elementais ferramentas a un pozo... mais a teimosía do fillo fará que as recupere, aínda arriscándose.

No 1903 e con catorce anos, namentres os ventos románticos conflúen nos “ismos” modernistas, o seu pai desiste do seu empeño en que deixase a escultura e decide mandalo a Cataluña, á entón prestixiosa e novidosa *Escuela de Artes y Oficios de los Salesianos* de Sarriá, concello que até o ano 1921 será independente de Barcelona. Momentos nos que permanece moi unido e atento ao acontecer dunha cidade que era unha proa na que batían as tendencias creativas dunha Europa que se sentía *Decadentista*: parladoiros de rebotica e café, talleres, exposicións, museos, construción de sorprendentes edificios e monumentos... É a Barcelona de Clarasó, Llimona, Rebull, de Ramón Casas, de Rusiñol, de Picasso, Nonell, de Clará, de Gargallo... creadores que abren ao Modernismo.

O mozo Asorey distínguese pola súa habilidade nas clases de Historia da Arte e no taller do imaxineiro relixioso, profesor da devandita escola salesiana de Sarriá, José Parellada, solicitado autor de imaxes para os templos da congregación salesiana, fiel seguidor da tendencia arcaizante goticista, a que tanto caracterizaba a arte catalá de entón, teimudo no tratamento realista dos pregues e da expresividade dos rostros... Son momentos nos que comeza a campar no panorama o novecentismo mediterránista, representado polo escultor de Banyuls-sur-Mer, Aristide Maillol (1861-1944) e posteriormente por Josep Clarà (1878-1958) escultores preocupados e difusores do clasicismo mediterráneo, do mundo grecolatino e que tanto significa de interese pola anatomía, pola representación da muller como símbolo da “*Gran Nai*”, como unha Deméter, máis que como amor, será agora como símbolo de futuro, da fertilidade, como deusa da Terra, do agro, Dolorosa tamén. Iconografía que calla en Asorey e que resume tantos herdos antigos, tradicións que mesmo, en Galiza acougan no que se interpretaba como celtismo, na aldea, na igrexa, como símbolo do heroísmo, da vitoria, da alborada, da esperanza,

da dignidade dun pobo... Asorey suma ese arcaísmo tan de herdos antigos para levalo á madeira, á pedra policromada, inicialmente aplicada sobre o estuco, estufada, tan nas tradicións hispánicas, para máis adiante deixarse levar polo arcaísmo e permitir a transparencia, deixar que fale o material, sendo esta unha das grandes características do escultor galego. E aínda máis, Asorey engadirá ás súas obras, a esas masas piramidais, erguidas ao ceo, como menhires ou árbores que da Terra ascenden á Luz, o buscado “espírito”, conformado por ese realismo máxico que caracteriza o confín galaico, propicio a mouras, trasnos, compañías... Sen esquecer que orientarse é ter como referencia o oriente... Misterios, saberes tradicionais, antigos, propios da Teosofía, dos que tanto gustaba Risco, que se aplicarán ás novas roturas, á grandiosidade arcaizante, agora seguindo tendencias expresionistas, case caricaturescas, tal como ofrecían as suxestións abandeiradas polo escultor parisino Auguste Rodin (1840-1917), ou as do escultor natural do Tarn francés Antoine Bourdelle (1861-1929), como posteriormente o historicismo e patriotismo colosal, dramático que desembocará no expresionismo do croata Ivan Mestrovich (1883-1962). Escultores referentes que abren a unha fervenza de buscas e experiencias artísticas, véxase en Cataluña a obra de Llimona, a do valenciano e tan solicitado entón Mariano Benlliure (1862-1947). Asorey enxerxa ben tal acontecer e mesmo busca as súas orixes, contrasta aquel buscado mediterraneanismo grecolatino que prefire o mármore e o bronce, co seu sentir arcaico, románico, occidental, atlántico, céltico, gris... tan propios das pedras nas que se refuxia Asorey, materia prima da Terra. Reinterpretará e verterá en Galiza estas buscas propias daquel *Decadentismo*, sentimentos expresados pola Xeración do 98 respecto a España.

(1906) EUSKADI, ONDE AFIANZAR AS RAICEIRAS DO “ESPÍRITO”

Cabe subliñar a importancia que a fins do século XIX tiveron na pedagogía española as escolas de oficios fundadas pola congregación salesiana. Iniciativas escolares que contaron coa participación do mesmo Don Bosco, xunto con varios dos seus máis devotos seguidores italianos por Cataluña. É o caso do guipuscoano Ramón Zabalo Alcaín (1849-1932), fundador dos salesianos de Biscaia e Álava, vencellado á vida e á obra dos que despois serían beatos da orde, como José de Calasanz e Felipe Ripaldi. Zabalo foi modélico pedagogo, que recorre varios puntos do norte de España na misión salesiana, entre eles as novas e modélicas escolas de Sarriá, para en, 1897 recalar en Barakaldo, a fin de dar cumprimento ao desexo das filántropas irmáns Echevarri de crear un centro de formación profesional para os mozos. Salesiano que, entón, reclama ao experimentado compañeiro de orde, o italiano Angel Tabarini, o que tiña deixado boa sona pola posta en funcionamento das recién creadas escolas de Santander e Sarriá. No curso de 1907 abre en Barakaldo o taller de escultura para o que reclama como



Os Burgueses de Calais.

August Rodin, 1889.

Fotografía: Museo Rodin. Jean de Calan

profesor ao mozo Francisco Asorey, ben coñecido por aqueles pioneiros salesianos, sobranceiro alumno das Escolas Profesionais de Sarriá que recén rematara a súa formación obtendo as mellores cualificacións.


Neste ambiente salesiano cómpre destacar a influencia que tiña nas recén creadas escolas, como a de Santander, o compostelán padre don Xesús Carballo Taboada (1874-1961), ilustre arqueólogo en Cantabria, autor de atractivos libros sobre arqueoloxía, mesmo en mitoloxía en relación con Galicia e a Traslatio, argumentado entre tradicións celtas e cristiáns, como “Fida la hija del último druida galaico” (1961). Raiceiras, misión relixiosa e influencias, moi presentes ao longo da vida e da obra de Asorey. Momentos nos que mostra o mozo escultor preocupación pola pedagogía e o acontecer escultórico do momento, segue as creacións dos irmáns Vallmitjana, de Miguel Blay e do entón omnipresente Benlliure, sen perder de vista as propostas de Rodin,



Colexio Salesiano, Barakaldo

como do expresionismo xermánico, tan de moda, como a simplicidade expresionista de Mestrovic. Momentos nos que o noso escultor se ve sometido a encargos de carácter relixioso, a imaxinería, a que tanto existe no estudo anatómico, na expresión, nos pregues, nos contrastes de luz e sombras... Anos dos que non soamente quedan esculturas, senón tamén algunhas pinturas, paisaxes, paneis decorativos, como os realizados en relación *María Auxiliadora*. *Igrexa dos Salesianos de Deusto*.

Estes anos do comezo do século XX son os do seu primeiro taller na cidade de Bilbao, no que mesmo acolle aprendices, entre eles os que serán grandes escultores, Julio Beobide e Juan Gu-raya. Momentos nos que se multiplican os encargos, especialmente chegados de personalidades do barrio do Neguri, concello de Getxo. É agora cando Asorey dá o paso da escultura relixiosa ás de tema profano, combinando ambas. A madeira será o material preferido, en moitos casos de castiñeiro, a que coloreará suavemente, deixando ver as veas e a textura da mesma. Deses momentos é a imaxe da **María Auxiliadora** para o Colexio Salesiano de Sevilla, realizada como



María Auxiliadora. Igrexa dos Salesianos de Deusto.
Francisco Asorey.
Fotografía: Raúl Río

² Imaxe que ben puido coñecer, moi posteriormente, Cabanillas na estancia naquela vila en casa da súa filla, entre 1954 e 1957

unha homenaxe á tradición escultórica sevillana.

Respecto ás primeiras obras de carácter profano están moi dentro da tendencia pintoresca, anecdótica popular, mesmo social, na liña das propostas nas pinturas de Zuloaga, Solana ou de Sorolla, como a **Viu-da del Pescador**, pola que no 1909 Asorey recibirá a Segunda Medalla da *Exposición Regional Gallega* celebrada en Compostela. Na mesma liña está **Romeros Vascos**, igual que **O Paseo**. Trátase de obras nas que insiste no carácter social, no mundo do traballo, nunha tensión contida. Dentro das mesmas liñas de factura está o conxunto titulado **O campo**, que representa a home e muller campesiños, os que resignados, acougan apoiados nos sachos do traballo labrego. O relevo de **O Paseo**, representa a home e muller espidos, enlazados e que lembran pescudas de Rodin. Temas que serán unha permanente volta no repertorio do escultor e que mesmo reaparecerán en esculturas de momentos moi posteriores, como o Monumento a Curros da Coruña.

O sentimento de terra, da cultura, do idioma e do tradicionalismo avivado na súa estancia en Cataluña acolle

Cristo Crucificado. Detalle dunha man. Salesianos de Barakaldo. Francisco Asorey, 1908. Fotografía: Raúl Río



Cristo Crucificado. Salesianos de Barakaldo. Francisco Asorey, 1908. Fotografía: Raúl Río



novos pulos no País Vasco. Perda que desapareceran algunhas esculturas deste momentos como a “**Viuda del Pescador**”, coa que conseguirá a Segunda Medalla na *Exposición Regional Galega* celebrada en Compostela en 1909.

(1909)... NUN MADRID DE PARLADOIROS E BUSCAS QUE VAN DO ACADEMICISMO ÁS ROTURAS

Aos 20 anos, entrando en filas, no 1909 Asorey ten que cumprir o Servizo Militar en Madrid, entón cidade moi en obras e con forte presenza de Galiza: recordemos as solemnes edificacións do arquitecto galego Antonio Palacios, a presenza de Valle Inclán, do pintor Lloréns... os parladoiros do *Café La Granja del Henar*, de *El León D'Or*, do *Ateneo*... metrópole que vive o pleno florecer do debate modernista. Cidade na que, Asorey permanece e combina a súa misión militar coa axuda dunha bolsa de estudos (1915-1918).

Son anos nos que impera o *art decó*, o simbolismo, onde os seguidores de Rodin van fendendo con ese academicismo figurativo que impoñía o convencionalismo da arte oficial en especial o relixioso, o que non se entende se non nos remitimos ao universo grecolatino ensinado polas academias. Clasicismo que marca pautas ás que non é alleo un Asorey que sabe enxergar o acontecer. O escultor galego frecuenta en Madrid o taller do veterano e influente escultor asturiano Julio González Pola (1865-1929), artista vinculado ao *Círculo de Bellas Artes*, autor de obras monumentais dentro da denominada vangarda histórica, moi solicitado para encargos en Hispanoamérica. Asorey visita asiduamente o taller de escultura anatómica do Hospital de San Carlos, así como o do pintor cordobés Julio Romero de Torres (1874-1930) do que se fai moi amigo, mesmo até compartir pensión. Participa en parladoiros co pintor compostelán Juan Luis López (1894-1979), así como co crítico e académico José Francés e mesmo imaxinamos a Asorey con moitos outros intelectuais galegos que se formaban na capital e que non serían alleos aos que, algo despois, conformarán a *Xeración Nós*.

Do 1913 data o modelado **busto do fotógrafo Enrique Sánchez Guerra**, posteriormente fundido en bronce. Obra na que sigue os principios de Rodin, coa característica torsión da cabeza e mirada de lado. Igual que o modelado en escaiola de seu amigo o pintor compostelán **Juán Luis López** (1914). A cabeza de escaiola pintada titulada **Severidade** (1914), Museo de Pontevedra, presentada a unha exposición do *Centro Galego de Madrid* en 1914.

Lo Jondo (1914) en escaiola (Museo de Pontevedra) da que existe unha copia en madeira para o Sanatorio de Puente Castro. Esculturas nas que insiste en captar intres anecdóticos, protagonizados pola xente humilde e tan cheos dun simbolismo, dunha estética metafórica que tampouco abandonará.

(1915) UNHA NOVA VISIÓN DO COSTUMISMO ESCULTÓRICO

Do 1915 data a **Maqueta para o Monumento a Concepción Arenal na Coruña** (en paradiro descoñecido) posiblemente presentado ao concurso convocado na Coruña e que finalmente gaña o arquitecto Rafael González Villar. Monólito piramidal truncado, presidido por unha figura humana de tratamento clásico que simboliza a dor e remata co medallón coa efixie da pensadora.

Do Ano Santo de 1915 e xurdido dentro das mesmas inquedanzas da época é a escultura de **Caballeros Negros**, con varias reproducións en escaiola e madeira, moi repartidas, mesmo no 1919 Asorey participa con esta escultura na *Exposición de Arte Galego de Bos Aires*. Trátase dun grupo escultórico de carácter fortemente expresionista, lección magnífica de retrato e poses. Representa a cinco cóengos tramados de xeito caricaturesco, envoltos entre os pregues dos seus manteos, paseando, moi diferenciados nos xestos, falando entre eles nun ambiente no que o vento presaxia chuvia... Conxunto escultórico que segue as pautas da célebre obra de Rodin os *Seis Burgueses de Calais* (1895)... Atrevido e delicado estudo de individualidades no camiño e nun día de treboada, obra que presenta á *Exposición Rexional Galega da Coruña, 1917* e que, un ano despois, guiado



Francisco Asorey co fotógrafo de Pontecesures Enrique Sánchez-Guerra

polo seu amigo Julio Francés presentará ao *Salón de Humoristas de Madrid*. Dentro destas mesmas buscas de inspiración no ambiente compostelán, un ano despois presenta para un novo *Salón de Humoristas* o grupo de **Rezos de beatas** (1917), da que se fixeron varias réplicas en escaiola, incluso repartidas por Arxentina, o Museo de Pontevedra ten copia en madeira. Escultura que lembra os tímpanos medievais: seis mulleres populares, arremuíñanse arredor da pétrea imaxe sedente do Apóstolo, fano con actitudes e psicoloxía diferentes, cada unha co seu rezo, á forza lembran no espectador os versos de Rosalía “*Na Catedral*”. Obra exposta na *Exposición de Arte Gallego de Bos Aires* de 1919.

Son anos nos que recibe múltiples encargos, así de 1916 é a pequena **figura de Castelao**, presentada na *Exposición de Arte Galega da Coruña* de 1917 (hoxe na Casa de Castelao, Rianxo). Figura no 1927 reproducida por cerámicas “*Celta*” de Pontecesures.

Busto de Alejandro Mon Landa (1916) fundido en bronce por *Codina* de Madrid, (Col. particular). Placa conmemorativa de **José Ramón Bugallal** (1916), Ponteareas, fundida en bronce pola *Metaloplástica Campins y Codina* de Madrid. **Lápida de Isidoro Bugallal** (1916) en Ponteareas, fundida como a anterior.



Medalla homenaxe a Marcelo Macías (1916), en bronce: no anverso o busto do sacerdote, no reverso o Pantocrátor centrado polo Pórtico da Gloria, entre a inscrición “*Orador e polígrafo*”.

O **Altar de la Fama** será presentado na *Exposición Rexional da Coruña de 1917*, como a escaiola pintada titulada **Retorno dun Enterro** (1917) (paradoiro descoñecido), obra que recolle perfectamente as pescudas asoreyanas: representa a dúas idades en dous contrastes, sancristán e acólito de volta dun acto relixioso, o crego tentando abrir o paraugas e o raparigo cargando co estandarte. Obra na que o escultor moldea suavemente o material e faino de xeito expresionista, pre-ocupado en diferenciar as



Medalla homenaxe a Marcelo Macías.
Francisco Asorey, 1916

psicoloxías do rapaz e do crego dentro dun ambiente invernal no que se presinte o vento e a chuva. Obra que lembra as dos seguidores de Rodin, como a “*Expiación*” do belga Julio Lagae ou “*Los Huérfanos*” do catalán Miguel Oslé. Creadores coñecedores de obras do naturalismo académico, como as dos entón celebrados escultores italianos Ernesto Biondi (1855-1917) ou Pietro Canónica (1869-1959), como apunta Otero Tüñez.

No ano 1917 están datados os **relevos de Desexo e do Campo** (paradoiro descoñecido) con lembranzas miguelanxelescas e rodinianas, estudos anatómicos aos que sempre volve.

Asorey recibe encargos, participa en mostras e faino indo e vindo a Galiza e á casa da irmá en Compostela. Cidade e anos nos que coñecerá á que será súa muller e mesmo modelo para varias das súas obras, Jesusa Ferreiro Casal.

En Asorey latexa a tradición con canto esta comporta de arcaizante e aínda máis de sentimento románico, nel envolto nun singular simbolismo, mesmo mirando ao prerrafaelismo tan en voga na creación daqueles anos. Velaí, dentro desa devoción á nai —tan tradicional e representada na cultura galega e de fonda inspiración no románico compostelán do portal de Praterías— a obra de “**Mater**” e “**Charitas**” (1917) (paradoiro descoñecido), a primeira a Nai, sedente e coas pernas en X, ao xeito románico das esculturas das Praterías compostelás, aleitando ao neno que sostén no seu colo. Pregues suaves, faciana hierática, románico. Mentres que o grupo de **Charitas** mostra, de xeito frontal, á Nai en simetría con dous fillos, un a cada banda e acolléndose a ambos os peitos. É persistente en Asorey a idea da muller, a nai, como símbolo nutricio da terra, tan de herdos antigos, clásicos e que será unha permanente na arte galega.

O ESCULTOR ASOREY

04

**Arte con
"espíritu"**

Volta do enterro.
Francisco Asorey, 1916



(1918) O RETORNO A UNHA GALIZA NO DEBATE POR “SER”. O TALLER DE CARAMONIÑA

Ante o asoballamento sufrido por parroquias de labregos e mariñeiros, a sangría da emigración, sucesos como os acontecidos en Oseira (1909), en Nebra (1916), Sofán (1919), Sobredo... que deixaron tantas vítimas inocentes, cobra significación especial a resistencia guiada polo abade de Beiro, o singular Basilio Álvarez (Ourense, 1877-Tampa-EE.UU, 1943) membro do *Partido Republicano Radical*, federalista, fundador de *Acción Gallega*, vinculado ao agrarismo galego, movemento de sentido anticaciquil, en contra dos foros, baixo o lema “*galegos pero non servos*”, coa praxe de canto elo significaba de resistencia no uso do idioma, das tradicións... algo que entendían convida anovar e velaí as bases dun sentimento de Terra reivindicado por aquel nacionalismo. Os intelectuais orientarán a acción política tendendo pontes de cara a conseguir a autonomía xurídica e administrativa de Galiza. O Agrarismo base daquel movemento prolóngase de 1907 deica a Ditadura de Primo de Rivera (1923 a 1930), anos de reprimantas nos que *Solidariedade Galega*, creada naquel ano 1907 ábrele camiño a *Acción Galega* con figura central no axitador párroco, *Abade de Beiro*, Basilio Álvarez, de forte rebeldía, contra os foros, o caciquismo... entre os anos 1912 e o 1915, colectivo conformado por un conglomerado paradoxo de republicanos e Carlistas, tendo como voceiro o xornal *A Nosa Terra* e que nas asembleas de Monforte, celebradas no 1908, 1910 e 1911 irán puíndo os seus fins e alianzas.

Compostela non deixou de estar endexamais no horizonte de retorno de Asorey, algo que se fai posible o 31 de maio de 1918, cando nunha enfrontada oposición, mesmo competindo co escultor e solicitado gran retratista que era o tamén compostelán Mateo Larrauri (1885-1958), acada a praza de *Escultor Axundante Anatómico da Facultade de Medicina de Compostela*. Cidade do Apóstolo que reúne as esencias de “*espírito*” que busca o galeguismo e Asorey, os que atopaban nese bulir, a interacción paisaxe-paisanaxe tan na base da cultura. Cidade rebuldeira, especialmente



Caveira da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela.

Fotografía: Mercedes Espiño

os xoves na carballeira de Santa Susana, a dos paseos dos universitarios e seminaristas, de cafés e parladoiros, de clero e dun gran ambiente artesanal. Capital espiritual e histórica, intelectual, relixiosa, artística, como pétreo e gris claustro, de adros, prazas e rúas, a “*gran aldea de Galicia*” que dicía Otero Pedrayo e na que acougan todas as buscadas esencias de espírito.

O ano 1918, pese ao forte e incisivo andazo da gripe é moi significativo para canto significa o renacer galego. Vítima daquel acontecer que decimou á poboación foi a entón prometedor figura do profesor de Dereito da Universidade Compostelá, **Lois Porteiro Garea**, político das Irmandades da Fala. Con tal motivo organízase un acto de homenaxe na Coruña nun teatro Rosalía de Castro decorado por Camilo Díaz Baliño, encárgaselle a Asorey que labre o busto do político, acto no que falan Cabanillas e López Abente.

Non son alleas a Asorey as cuestións políticas, entre elas as republicanas e as de carácter rexionalista que entón maduraban. Ano no que, na costiña de Caramoniña, aberta ás hortas de Bonaval, o escultor establece o seu taller. Un ano despois, o 8 de xaneiro de 1919 casa con Jesusa Ferreiro Casal e será no emblemático *Santuario da Nosa Señora Escravitude*, na bisbarra da Maía padronesa, diante do retablo barroco que o escultor estaba retocando. Matrimonio que terá domicilio nos chanzos da escalinata que baixa ao Campiño do Carme e do que nacerán Francisco e Xosé Manuel, o primeiro profesor de baleirado escultórico e o segundo avogado.

(1920) ESCULTURAS CO “ESPÍRITO DE TERRA”

Son anos nos que de aquel taller sae a pequena escultura de madeira policromada, “*Picariña*” (1920), a que representa á nena cuberta, endomingada co seu pano enxebre, de longa saia que parece nacer do chan, touca estampada en flores... como unha primavera, os brincos dourados pendurados das orellas, semella camiñar, faino mirando ao chan, leva na man un boneco en forma de cruz. A cabeza é todo un símbolo de galeguidade, de etnicidade, dentro desas buscas psicolóxicas, que tamén caracterizaron as esculturas de Enrique Casanovas, de Pablo Gargallo ou de Julio Antonio. Escultura que é portada por el e pola súa muller, no tren, a fin de presentala á *Exposición Nacional de Bellas Artes de Madrid*. Mostra na que, aínda sen recibir premio algún, recibiría grandes eloxios: considerada polo escultor Mateo Inurria que conseguira a Medalla de Honor naquel mesmo certame como “*una joyita*” e que Castelao consideraría como a primeira escultura galega, para levala o rianxeiro como tal e presentala ilusionado ante as *Irmandades da Fala da Coruña*. Escultura de *Picariña* da que se conserva o bocexo en escaiola no *Museo de Arte Contemporáneo Carlos Maside de Sada*, e que Asorey regalou ao seu amigo Camilo Díaz Baliño. Talla que abre a unha serie de obras, dentro dese buscado “*espírito*” celta, galeguista, cantado por Cabanillas. Deste momento e seguindo estas pautas é tamén ***Naiciña*** (1922), coa que concorre novamente á *Exposición Nacional de Bellas Artes de Madrid*, e que pese ao novo éxito entre os visitantes, mesmo enalzada por Zu-

loaga, soamente obtén unha bolsa económica. Obras de Asorey que foron moi consideradas polos medios de comunicación de entón, entre eles, a que máis “*A Nosa Terra*”, entendidas como obras representativas da escultura e da Arte galega. Momento no que estes medios fan unha chamada a convocar en Cambados a canto significa a intelectualidade de Galiza a fin de homenaxear ao seu escultor. E así acontece o 20 de agosto do 1922, a romaría celebrada con tal motivo no souto de Xesús Rodríguez Montero. Encontro que resulta un afervorado agasallo ao escultor da Terra e ao que asistiu o máis representativo do galeguismo, Basilio Álvarez, Portela Valladares, Gil Casares, Castelao, Cabanillas, Risco, Enrique Peinador, o violinista Manolo Quiroga, Isaac Fraga... Ten a palabra Cabanillas que fala das lembranzas infantís do seu Cambados, da resurrección da arte dos canteiros galegos, despois de Mateo... desembocando nunha mensaxe de defensa da Terra. Deseguido será quen fale Castelao, sen faltar tampouco a elocuente paixón de Basilio Álvarez, de Vicente Risco, de Lugrís Freire, do pintor Lloréns... coincidentes todos en reflectir as súas ansias na obra de Asorey. O escultor porá punto final aos discursos, o que fará agradecido e que remata mirando ao ceo, erguendo o puño e clamando un “*Terra a Nosa*” sendo secundado ao unísono por todos.



Naiña. Francisco Asorey, 1922. Museo de Pontevedra

A ÉTICA E A ESTÉTICA, O DEBATE ARREDOR DA “ARTE GALEGA”

Os anos mozos de Asorey nútrense dos principios románticos, envoltos en historicismo, eclecticismo que, dende o *Decadentismo*, buscan a renovación, enxergando o acontecer daquel tempo e tanta confluencia de pescudas, de singularidades como o expresionismo, o primitivismo, o cubismo...sen deixar o academicismo que mesmo esixen os encargos relixiosos nos anos de Cataluña e de Euskadi, mirando tamén para as tendencias vascas a expresar a súa diferenciación con base no popular. Guiado polo fondo amor á Terra, segue, inspírase e colabora cos presupostos do seu pai-sano e amigo, o poeta Ramón Cabanillas, trece anos maior que el e que comparten un Cambados e unhas inquedanzas galegas comúns. Asorey súmase aos presupostos das *Irmandades da Fala* de Compostela, participa na *Asemblea Nacionalista* do 19 celebrada naquela cidade, comparte o sentir de Vilar Ponte, de Castelao, de Camilo Díaz Baliño, de Antonio Palacios... escoita aqueles principios que propaga Risco a fin de enriquecer o espírito dun pobo: os místéricos, teosóficos de Helena Petrova Blavatsky, o *Parsifal* de Wagner que combina as tradicións do mundo celta co cristián, o espello celta-cristián de Irlanda, no que mirarse, cos presupostos de Willian Butler Yeats e da súa ilustradora Althea Gyles, tamén partícipe da confraría teosófica da *Aurora Dorada*, tan propensos ao simbolismo celta, como códigos de expresión, á Árbore da Vida céltica que supón ascese dende as raíces na fondura da Terra ás ramas tendidas á Luz... Inspiradoras cuestións, debates que tanto estaban nas entón célebres confrarías místéricas dos Pintos Fonseca en Pontevedra, como nas da marquesa de Atalaya Bermeja en Ourense... Asuntos comúns nos parladoiros estivais de Mondariz, convocados pola familia Peinador e polo administrador do balneario, Ramón Cabanillas, respecto a un “espírito” expresado pola cultura e a arte galega, que será con base no celtismo, no cristianismo. Sentir que configurará a cerna da identidade deste confín que é Galiza, asuntos ademais teorizados dende as páxinas da revista “*Nós*” e seguidas no *Seminario de Estudos Galegos*. É esa a “*A Galiza Santa de romeiros e xograres, a da historia que abrillanta a tradición nos fogares...*” que poetizaba Cabanillas. Inquedanza seguida nunha constante interacción entre os dous cambadeses, con aquel principio de dignidade fronte as tendencias ao campante esperpento, a busca das orixes nas que radica a orixinalidade, a tradición como base da re-creación e que sintetizaba Castelao “*Da arte dos canteiros naceu o Pórtico da Gloria*”. Ao respecto desta influencia panceltista irlandesa, tan mirada e predicada nos anos modernistas en Galicia, é sobranceira a teima e influencia dos textos ao respecto de Plácido Castro (Corcubión 1903-Cambados 1967), librepensador, polígrafo, humanista, galeguista... tan vencellado a Cambados.

Enténdese que nas orixes, na orixinalidade creadora galega acougan os códigos que marca a pedra, como singular materia prima, arquitectónica, escultórica... velaí o atractivo brutalismo que ofrecen os megálitos, faise apoloxía do pórtico-altar que se abre á luz, como a denominada *Ara Gael* para os románticos seguidores dos versos de Pondal e da historia de Galiza de Murguía. Pórtico, altar, ara tomada como símbolo das orixes, tan entre a luz e as tebras, en relación co

occidente atlántico e reinterpretada con certa teimosía e de diversos xeitos polo escenógrafo Camilo Díaz Baliño. Retomaranse e recrearanse sobre as influencias da escultura castrexa, as que os precursores non dubidarán en chamar céltica, caracterizada por unha elementalidade que mesmo leva á abstracción e inevitablemente ao simbolismo. Obras que semellan reclamar a policromía, a influencia do trezado, da cestería, do tear que tanto supoñen dun xeometrismo que mesmo resulta e se identifica coa interpretación do infinito, coas cosmogonías sintetizadas por circunferencias, rosáceas, trisqueles, lazos salomónicos... Motivos e símbolos orientais, célticos retomados e transmitidos polos herdos cristiáns, coptos que pasan ao románico e trunfan en Mateo e na súa obra da fachada occidental da catedral compostelá, o Pórtico da Gloria. Novo pórtico que se ergue orientado ao solpor, entre o caos que significan os alicerces (a cripta) seguida dunha ascese en altura cara á luz, entre tebras iniciais nas que se van creando monstros e nace a palabra a través de profetas e apóstolos... para baixo o arco do tímpano o trunfo da resurrección, o Xuízo... para culminar pechando o arco as doelas que representan o trunfo da palabra xunto coa música interpretada por vinte e catro sabios vellos e, seguindo en altura, no centro da triangulación que pecha o conxunto a xeometría do rosetón... polo que furan as raiolas do solpor e que incidirán no oriente, no Altar: Caos, ascese, cosmos... do mesmo xeito, tal como se reparten eses fitos pétreos que son as estelas galaico-romanas: na base o nome do defunto, no medio represéntanse escenas de ascese e no remate xeométrico que pecha o conxunto os símbolos cosmogónicos, astrais... Idea de ascese caos-cosmos que pervivirá e se simbolizará en moitas das obras de Asorey, caracterizadas pola masa, cunha base-raíz dende a que se irá erguendo a figura cara ao ceo e farao de forma piramidal, especialmente nas monumentais: do brutalismo das orixes, a ascese, o trunfo... As leccións que proporciona o Barroco de Placas, tan compostelán, a tendencia á policromía, tradicións entre as que vive e analiza Asorey e que non son alleas a súa inspiración.

No 1923 Asorey participa no *Salón de Outono de Madrid* e nesta ocasión faino coa escultura **“Ofrenda a San Ramón”** (Escultura no Museo Provincial de Lugo). Talla en madeira suavemente policromada que representa á muller galega, “céltica”, de ollos azuis que miran de lado, vestida de festa, cuberta co típico pano, neste caso e para maiores efectos de cor e brillo dos abelorios crava pequenas tacholas de zapateiro. Pendurados das orellas os enxebres brincos, recortados en latón dourado. Represéntase á moza embarazada que, camiñando axeonllada, se ofrece ao Santo protector das parideiras, o San Ramón, leva nunha man a imaxe pequena do Santo e noutra unha tradicional vela-exvoto decorada.

Novamente, no 1924 concorre á Exposición Nacional de Belas Artes, farao agora coa escultura do **“Tesouro”**, e que pese ao seu éxito, mesmo falándose de notoria inxustiza, recibe unha segunda medalla³. Figura realizada a tamaño natural, en madeira, coa característica policromía que deixa falar á materia prima. Obra que representa un tema moi socorrido polo escultor, a

³ Escultura adquirida por Luca de Tena para o edificio do ABC, por 10.000 pesetas duplicando o valor do primeiro Premio Nacional de Bellas Artes.

Ofrenda a San Ramón.
Francisco Asorey, 1923.
Fotografía: Xurxo Lobato



muller moza símbolo da Terra e que contempla na feira compostelá de Santa Susana: o traballo da muller galega, que, camiño da feira e mirando de fronte, carga co xato, o tesouro da casa... Cóntase que para esta obra o escultor tomou como modelo unha moza do barrio da Pastoriza, Manuela, e que posou cun can nos brazos. A preocupación pola anatomía é unha constante nunca deixada polo profesor desta materia na facultade de medicina. O Centro Galego de Madrid, a instancias de Basilio Álvarez e a fin de compensar a inxustiza tida por non recibir o primeiro premio, convoca unha homenaxe ao escultor, agora entre as simbólicas ruínas do mosteiro de Sobrado dos Monxes.

Lápida a Jacobo Gil Villanueva (1924) *Facultade de Xeografía e Historia, Santiago*. Realizada en mármore de diferentes cores, no centro, en medio relevo a figura do homenaxeado coa súa muceta en mármore negro, debaixo a inscrición.

Codeo (1926) Museo Provincial de Lugo. É un bocexo para escultura, no *Seminario de Estudos Galegos*, que representa a un seminarista (codeo na fala popular), escultura que recorda ao *Novicio* do malogrado escultor catalán Julio Antonio (1889-1919), considerado un renovador. A obra de Asorey representa a un mozo seminarista envolto no seu manteo, mostra un libro no que pousa un corvo que apreixa contra o corpo, detrás unha columna historiada con símbolos terreaís e relixiosos. Obra na que latexa un fondo simbolismo, sendo unha permanente na escultura de Asorey.

(1926) AS CONTRAPOSTAS IMAXES DUNHA "SANTA" E DUN "SANTO" PARA UNHA EXPOSICIÓN NACIONAL

Insistentemente e por terceira vez, no 1926 Asorey preséntase novamente á *Exposición Nacional*. Nesta ocasión farao con dúas imaxes de fondo realismo e simbolismo, ambas as dúas do mesmo tamaño e proporcións, talladas en madeira e policromadas, seguindo principios tradicionais, ergueitas, aínda que contrapostas: a dunha "Santa" e a dun "Santo" que mostra serenamente os seus estigmas; na feminina e espida de "Santa", novamente pon en valor as súas dotes de anatomista. Ambas esculturas cargadas de simbolismo: a moza de faciana redonda e colorada, espida, curtida polo traballo, que carga coa canga do gando, a tradición do agro, da Terra, da casa... cangada polo xugo do traballo... Símbolo pois da "raza", e parece ser que así se quixo denominar inicialmente a escultura, tal como dicían entón, a fin de singularizar a cultura de Galiza. Escultura que non foi do gusto cortesán e que provocou innumerables comentarios, mesmo dise que, por esta obra dun espido aldeán, a Raíña Victoria Eugenia, cualificou ao escultor galego de "desvergonzado" e até o paisano arousán do escultor, Valle-Inclán, cualificouna de "grotesca" na *Revista de Arte Gallego* 1930. "Santa" foi refugada pola crítica, pola contra a escultura do santo, foi eloxiada e premiada coa *Primeira Medalla*.

Pola contra a imaxe do outro “santo” tamén tan terreal, o San Francisco, o escultor quíxoa identificar con Cristo, do que o Santo de Asís sofre os seus estigmas. O tema é acaído para aquel entón, pois no ano 1926, as colectividades franciscanas, tan arraigadas en Galiza, e máis en Compostela, celebran o VII centenario da morte de San Francisco, santo moi identificado co sentir panteísta galego e tema moi dentro dos presupostos do escultor que escolle este tema do “fratello” de Asís para este novo intento na *Exposición Nacional*, o que, nesta ocasión non será frustrado e conseguirá a primeira medalla. Escultura fundamentalmente simbólica: erguida ao ceo, como unha árbore, parecendo agromar da terra, entre o mítico carballo e o lobo, para despois da encrucillada dos brazos abertos, ofrecer na faciana do *santo* de Asís, como o centro dunha cosmogonía, cuberto coa oxiva da capucha, envolto neses buscados mantos asoreyanos. Os ollos pechos, esperanzados, os brazos en cruz, abertos ao futuro...

A sona de Asorey multiplícase e recibe un novo agasallo por parte dos seus amigos e seguidores.

Apasionados encontros realizados sempre dende o carácter simbólico que envolve aqueles anos. Esta vez será nun mosteiro de Oseira abandonado, espazos onde non se esquece aquel fito que foi a masacre ocasionada polas forzas de orde público aos aldeáns no 22 de abril do 1909.

A obra de Asorey destes anos persiste e afirma o gusto pola masa e aínda que coñece o uso do oco, do burato, fuxe del, seguindo a manifestar esa predilección orixinal polas formas pirami-



San Francisco. Francisco Asorey, 1926.

Fotografía: Xurxo Lobato

dais, ascendentes. Asíse a tensión do movemento, fronte á estática monumental e intemporal da estatua e para iso elixe e prefere a pedra, a madeira, a que mesmo polícroma directamente. Escultor que nunca deixou de man os principios de ennobrecemento do artesanal, dunha tradición que elevará á creación. Asorey coidaba todo proceso artístico, o debuxo, os bocexos en barro e que baleiraba en escaiola... e finalmente a escultura tratada con esa sinceridade do proceso creativo, deixando que falasen as mesmas marcas das gubias ou dos ciceis, posteriormente engadindo a pincel toques de cor, coidando especialmente as encarnacións.

Finalizando os anos vinte, os trunfos expositivos de Asorey aumentan unha fama xa consolidada, recibe numerosos encargos, sendo agora grandes monumentos. Velaí a figura do **Colón** para complementar o madrileño monumento a Isabel a católica. Anos nos que recibe o encargo para o Monumento a Curros da Coruña retrasados por moi diversos contratempos, así como a escultura da **Virxe dos Ollos Grandes** (1930), nova imaxe da Nai que aleita ao Neno no seu colo, novamente envolta neses característicos pregues que poñen á obra de Asorey un xeito de aura mistérica. Imaxe encargada para presidir en nicho central do edificio do Sanatorio Municipal de Lugo, obra do arquitecto eclecticista Luis Bellido. Recibe ademais o encargo de dous **Anxos para a igrexa de Santa María de Guernica** (1927) e que franquearán ao Cristo flaxelado labrado por Mateo Inurria. Encárgaselle ademais a imaxe do **San Xosé** para o mesmo templo de Guernica.

Trunfos que levan ao escultor a realizar un encargo por el desexado, trátase do **Monumento a San Francisco en Compostela**, coa primeira pedra colocada solemnemente o 17 de outubro do 1926, sendo inaugurado o 24 de xullo do 1930. Novamente monumento cargado de sim-



Monumento a San Francisco. Santiago de Compostela. Detalles.
Francisco Asorey, 1926-1930.
Fotografías: Xurxo Lobato

bolismo, conxunto que ven a ser como un viacrucis, como un cruceiro que do caos terreal se ergue cara á perfección xeométrica do cosmos. Con alicerces, inicio conformado por chantos de pedra, conforme sae das canteiras, brutalismo tan de herdos megalíticos, para seguir a desenvolverse o monumento en ascensión piramidal, helicoidal, como camiño do pobo, procesión de significados persoeiros da orde franciscana, os símbolos femininos da pobreza, a obediencia e a castidade, todos cara arriba, en dirección á Cruz final que se convirte en estrela e na mesma faciana do Cristo-Deus. Diante érguese a imaxe de San Francisco, cos brazos abertos e os ollos pechados, esperanzado. Obra, como moitas outras de Asorey, feita usando e buscando o contraste de varios tipos de granitos: faciana, mans e hábito de mármore, hábito gris, resto pedra gra teixa... moi no gusto modernista e mesmo como tamén procuraba na súa arquitectura Antonio Palacios. Monumento que, con certa transcendencia, inspira o dedicado ao mesmo Santo de Asís, situado a carón da fachada de San Juan de Letrán, Roma, obra de 1927 e do escultor José Tonnini.

Entre os anos 1927 e o 31, estando xa no taller de Santa Clara recibe para a igrexa de Santa **María de Guernica (Biskaia) as imaxes dun par de anxos orantes**, moi estilizados e aínda máis polas alas, entre pregues expresionistas, a unha e outra banda da imaxe do Cristo flaxelado, obra do escultor Mateo Inurria. Para a mesma igrexa fai un singular San Xosé que nos remite a moitos herdos da escultura barroca, mesmo coa ofrenda a San Ramón do mesmo escultor.

Deses anos do activo taller escultórico de Caramoniña tamén datan os encargos realizados polo compadre do artista José Manuel Cruces, tal como o da **Sagrada Familia de Maceira, Covelo**, Pontevedra (1923), en madeira policromada sobre estuco, inspirada na obra do escultor barroco galego da escola vallisoletana, Gregorio Fernández, a **Inmaculada**, imaxe que simbólicamente vincula a devoción mariana coa eucarística, a **Virxe do Carme** (1925) na Igrexa de Santa María dos Baños, de Cuntis, labrada en madeira, policromada, neste caso inspirada na Coroación pintada por Velázquez.

Non quedan atrás os encargos recibidos polo escultor de monumentos funerarios, tan propensos ao simbolismo, como na **tumba de María Gil Sarabia** (1920).

Xosé Gil e Gil (1870-1930) foi un dos pioneiros do cine e fotógrafo, inicialmente con taller en Mondariz, pasando por Ourense e finalmente en Vigo, aínda que con vehículo de revelado itinerante, *"Galicia cinegráfica"*. Moi solicitado envía films á emigración galega en América, amigo dos galeguistas da época. Pai de tres fillas que enferman e morren de tuberculose, deixando o oficio e marchando a Pontearreas, morrendo pobre.

Asorey recibe de Gil o encargo do mausoleo da súa filla Marujita para o cemiterio vigués de Pereiró: sobre unha estrutura de pedra érguese, como unha Venus, labrada en mármore branco, a moza, porta un feixe de flores dende as que cae un pano longo, o que serve para acoller flores naturais. Detrás e como sombra asexo a morte cuberta en saial, brande unha gadaña de bronce. Pouco despois e ao morrer as outras dúas fillas, encárgaselle unha ampliación ao escultor Camilo Nogueira.

O **sepulcro de dona Dolores Santamarina** (1922) na capela da Residencia de Anciáns de Ourense, relevo en mármore sepia, con múltiples figuras, centradas por un Cristo de clara influencia berruguetiana entre anxos e varias figuras simbólicas en relación coa beneficencia, coa caridade, a matrona tan de influencias de Donatello... todo acollido baixo un arco solio neogótico. Monumento no que, novamente utiliza varios tipos, calidades e cores de granito, mesmo na figura da xacente: a brancura marmórea para a faciana e as mans, namentres que para o hábito franciscano empregará a pedra gra, cor sepia...

Panteón do Cardeal Martín de Herrera, (1922). Persoeiro finado no 1922 e no 1927 os seus restos son trasladados a este panteón na igrexa das Orfas de Santiago. Trátase dun retablo pétreo, presidido pola figura do cardeal mitrado, revestido coas galas litúrxicas, bordadas e con pregues, todo o que lle facilita ao escultor desenvolver o seu virtuosismo escultórico. Faciana de gran expresividade psicolóxica, bendice coa dereita e porta o báculo na esquerda. Figura entre dous acólitos axeonllados, en simetría moi propia de Asorey, tras da cal sobresaen, en profundidade, o altar presidido pola imaxe sedente do Apóstolo, coroado por anxos. A inspiración do barroco compostelán e do imaxinario xacobeo latexa en toda a obra.



Virxe dos Ollos Grandes. Lugo
Francisco Asorey, 1930.
Fotografía: Xurxo Lobato

O ESCULTOR ASOREY

05

**A busca da
Alborada**

Nai de Dor

Francisco Asorey, 1934.

Fotografía: Arquivo Diócese
de Bilbao



(1930) O OBRADOIRO COMPOSTELÁN DE SANTA CLARA: OS GRANDES MONUMENTOS... ASCESE CARA A ALBORADA

Seguirán no ambiente político anos críticos, mais a fama de Asorey e os encargos escultóricos multiplícanse, necesita espazos máis amplos para executar complexas obras monumentais. Pouco despois de inaugurarse o Monumento a San Francisco, no verán de 1930 e xa entrado o ano 1931, do taller de Caramoniña pasará a un lugar máis amplo e propio para grandiosos monumentos, non moi arredado do anterior, agora na cima da costa de Caramoniña, nesa acrópole a carón da fachada barroca de Santa Clara, tan de xogos e trunfo da xeometría, case precubista, singular obra de Simón Rodríguez, preto da súa mesma casa. Taller do que sairán obras tan representativas como a **Virxe de Tanxil** (1932) intervención na paisaxe de senso modernista-cubista para a finca do famoso doutor don Ángel Baltar. Imaxe inspirada na de Antonio Bourdelle que preside as paisaxes do Alto Rhin en Niederbrúc; a imaxe de Asorey concíbese como un faro, ergueita, hierática como un menhir, a faciana como “*Stella Maris*”, luz envolta no manto que traza un xeito de aura, baixo o que mira ao mar de Arousa. Monumento no que o escultor agora experimenta cos ocós, os que fará mais patentes no Monumento a Curros Enríquez da Coruña.

Anos no que, dende de Bilbao lle encargan unha imaxe da **Nai de Dor** (1934), hoxe no Museo Diocesano de Bilbao, rescatada do Seminario de Derio e que o escultor sintomaticamente chamará *Nai de Dor*. Obra que segue a característica forma piramidal, a imaxe que xorde do caos terreal, como unha espiral, Calvario, camiño de espiñas que evoca a ascese, unha *peregrinatio* de dor, neste caso o viacrucis, triunfando a cabeza rotundamente expresionista, aureolada polo manto que semella formar un estela, o trunfo da Luz... e as mans cruzadas sobre o corazón, en símbolo de submisión. Obra na que o escultor emprega toda a súa creatividade e que o profesor Otero Túñez relaciona cos versos de Bécquer, “*Las ideas, que en ronda silenciosa/ daban vueltas en torno a mi cerebro,/ poco a poco en su danza se movían/ con un compás más lento/ De luz que entra al alma por los ojos/ los párpados velaban el reflejo;/ más otra luz el mundo de visiones / alumbraba por dentro...*”/

O Monumento a Loriga para Lalín inaugurado o 27 de agosto de 1933 en solemne e concorrido acto por parte de todas as autoridades militares, da igrexa e mesmo do Goberno. Momento no que trinta e seis avións militares e dúas avionetas sobrevoan o monumento que representa ao malogrado pioneiro da aviación, Joaquín Loriga Taboada, falecido accidentalmente namentres practicaba no madrileño aeroporto de *Cuatro Vientos*, un 18 e xullo de 1927. Obra caracterizada pola esencialidade de liñas, á que abre o Movemento Moderno, seguida tamén polos contem-

poráneos de Asorey, como o escultor de Mora de Ebro Julio Antonio (1889-1919) mesmo polo palentino Victorio Macho (1887-1966) que tamén bebe das xenuínas esencias ibéricas coas que pretende impregnar as esencias da súa Terra... como o segoviano realista e antiacademicista Emiliano Barral (1896-1936) ou o aragonés Pablo Gargallo (1881-1934).

No caso de Lalín o escultor combina diferentes tipos de pedra, aplicando o bronce para o rostro e mesmo para unha man, baixo a outra. Escultura que simboliza o martirio do pioneiro da aviación: o esquematismo da aeronave que cravada verticalmente na Terra pretende converterse nun cruceiro que se ergue ao ceo... e no centro o piloto, vestido de faena, sen galas, unicamente, como nas imaxes medievais porta na man o símbolo do seu martirio, a hélice e unha carta



Monumento a Loriga. Lalín.
Francisco Asorey, 1933.
Fotografías: Xurxo Lobato



aeronáutica... Baixo os pés e na parte que corresponde ás ás do avión represéntase o relevo de dous anxos que se dan a man e que representan o periplo de encontro e paz que fixo o piloto de Lalín, Loriga, España-Filipinas. Otero Túñez resalta que na obra de Asorey endexamais se perde o senso humano.

Destes anos é a maqueta para o **Monumento a Julio Romero de Torres** (1934), onde se pon de manifesto o xogo de xeometrías Decó na base, repartido en tres tramos: no centro, baixo a escultura do homenaxeado, desenvolto co máis puro expresionismo, nunha e noutra banda e máis altos campan dous relevos referidos ao tema tan tratado polo pintor cordobés, tan de tendencia prerrafaelita, o do amor sacro e o amor profano. Esculturas nas que latexa a inspiración no relevo grego coñecido como *Trono Ludovisi* que representa a imaxe de Afrodita que é recollida do baño por dúas fillas de Zeus...e que a nivel técnico resulta unha fervenza e estudo de pregues, tan de tendencia e propicios ao gusto de Asorey.

(1934) O MONUMENTO A CURROS DA CORUÑA COMO ALTAR DE GALEGUIDADE

A obra máis sobranceira e celebrada destes anos é o **monumento dedicado a Curros para A Coruña** (1934), inaugurado o 11 de agosto de 1934 con todos os honores, contando coa mesma presenza do Presidente da República, Niceto Alcalá Zamora, xunto con todas as autoridades, corporacións académicas, así como do máis representativo da intelectualidade da Galicia de Nós e do *Semanario de Estudos Galegos*, os que cualificaron a aquel monumento como Altar da Patria.


Asumindo a transcendencia do evento a Real Academia Galega editou un pequeno libríño sobre o poeta de Celanova, deixando ademais constancia das xestións para a execución do monumento, seguido dunha antoloxía de poemas e unha referencia bibliográfica de Curros. Monumento proposto na Coruña inmediatamente á morte na Habana do poeta precursor e creador da Real Academia Galega, o 7 de Marzo de 1908, data dende a que a cidade que coroara ao poeta solemnemente en 21 de outubro 1904, quería acoller os seus restos mortais e erguerlle un gran monumento. A *Real Academia Galega* e a *Asociación da Prensa* acordan xestionar a erección do monumento, Murguía e o alcalde Manuel Casás abandeiran tal iniciativa: o 31 de marzo é recibido no porto da Coruña, con todos os honores, o cadaleito que contén o cadáver do vate e o 2 de abril, coa condución dáselle unha multitudinaria despedida no cemiterio de Santo Amaro.

Coa ansia de animar á causa pro-monumento a Curros ofrécese veladas necrolóxicas, búscanse doantes, Asociación da Prensa, Concello... súmanse en Bos Aires iniciativas de filántropos galeguistas preocupados a un tempo pola creación de Escolas que honrasen o nome de Curros Enríquez. En tal colaboración económica non quedaba atrás a colectividade da Habana, a que mesmo ofrece un proxecto do escultor Moisés Huertas para emprazar no cemiterio coruñés ou a carón da escola co nome de Curros.



En 5 de xuño de 1908 créase a comisión pro monumento na que está o Alcalde, a Real Academia Galega, a Asociación da Prensa e a Academia de Belas Artes, centrándose tanto na construción das escolas como do mesmo monumento... por diferentes circunstancias pasan os anos e as propostas pospóñense. A morte de Murguía contribúe a tal retraso. Retómase o asunto no 1921 e faise propoñendo un concurso entre artistas españois, outorgando poderes á Real Academia Galega para a xestión do mesmo. Aparece entón un novo proxecto de situación do monumento na nova área do *Recheo*, a carón do porto e propónse que o material de tal monumento sexa granito galego e que nel se dispoña de sitio para, no seu día, depositar a furna coas cinzas do poeta. Prepáranse as bases do monumento e simbolicamente o 22 de xullo do 1923 colócase a primeira pedra. En 7 de Marzo do 1927 a Academia saca o concurso e o 7 de setembro réunese o xurado, composto por: o Marqués de Figueroa, Cabanillas, Lloréns, Durán Salgado, Juan Cristobal... mais nesta primeira convocatoria os proxectos presentados non convencen, aínda que declaran meritorios os traballos presentados por Ferrant, Marín, González del Villar e Lage. Axiña, o 11 de agosto de 1928 convócase un segundo concurso ao que concorren doce proxectos, nesa ocasión no xurado están: o Marqués de Figueroa, Álvarez de Sotomayor, Antonio Palacios, Francisco Lloréns, Rodríguez González, esta vez acordando outorgar o primeiro premio a Francisco Asorey, o segundo de 2.000 pesetas ao castellonense Juan Bautista Adsuara (1891-1973), elaborado en colaboración con Sala e o terceiro de 1.000 pesetas a Mariano Izquierdo y Vivas (1893-1985) formado nas escolas de Belas Artes de Barcelona e Madrid. A enfermidade de Asorey, as folgas, as indecisións sobre a situación do monumento detiveron os prazos de execución do ansiado monumento. O escultor recibirá 60.000 pesetas polo coste da súa obra.

Momentos iniciais nos que o escultor bosquexa en escaiola a **Cabeza de Curros** (1928), hoxe na Real Academia Galega.



PÁXINA ESQUERDA:
Monumento a Curros. A Coruña. Detalles.
 Francisco Asorey, 1934.
 Fotografía: Xurxo Lobato

O Monumento a Curros da Coruña vencella o sentir galeguista daqueles anos, inspirado nos versos do poema “*Encomenda*” (Aires da Miña Terra, 1880) do mesmo Curros Enríquez. Verbas coas que anuncia unha nova Aurora: “*Si pra tocar cal quero/a ter no chego forzas;/ si cando á loita vaía /tropezo nunha foxa/ os que cal eu subides/ a traballosa costa/ cando chegedes á cima /sagrada e victoriosa;/ Arpas que saudades/ da nosa patria Aurora/ da arpa acordaivos que fúnebre queda/ na noite de olvido xemindo sen gloria...*”. Asorey recolle e desenvolve esas esenciais tradicionais, tan orixinais súas como galegas: a ascese do caos ao cosmos, do brutalismo da pedra, como chantos megalíticos entre os que asoman tres monstros que representan tres vicios da Galiza: a inxustiza, a soberbia e o caciquismo, como os expresados en canicelos e gárgolas, mesmo nos alicerces do Pórtico da Gloria, para sobre eles erguerse o poeta, e faino dando un paso adiante e pousando a súa arpa. Baixo os pés do poeta brota, como unha fonte da vida, como auga redentora, que cobre o simple nome de Curros e os monstros. Seguen ao poeta, detrás, as xentes do traballo labrego, dunha banda os homes, doutra mulleres e nenos que portan os seus instrumentos de traballo, con lembranzas á escultura de “*Santa*” e sobre deles cabalos que transportan a *Aurora*, como unha muller que ergue vitoriosa os seus brazos... Detrás, pechando a escenografía do fronte a lembranza aos pórticos-altar, trílitos das tradicións megalíticas, atlánticas, celtas. Reverso do monumento que, inacabado, levaría de fondo un relevo con tema alusivo ao poema “*A Virxe do Cristal*” e un nicho, que aínda se conserva, como unha cista, para acoller as cinzas do poeta de Celanova.

(1930) AUMENTO DE ENCARGOS

Monumento a Félix Soage Villarino (Cangas de Morrazo, Alameda (1924). Dedicado a este emigrante a Arxentina, filántropo, benfeitor da vila (1845-1924). Obra labrada en pedra e bronce, con estrutura e trazas características do autor: o busto en bronce sobre piar coa figura dun mozo mariñeiro coa cabeza e as mans de bronce, apoiado sobre a base da verticalidade dun remo. Conxunto entre enmarques xeométricos de sensibilidade Decó que a unha e outra banda da base nos remiten a proas de barca.

Monumento ao periodista Vicente Carnota (1925) en Ordes, expresivo busto de pedra e bronce, erguido sobre un pétreo pedestal rectangular, no centro lembrando as labras cordadas de tipoloxía “*céltica*”.

No 1925 para o Concello de Mondariz encárgaselle a Asorey o monumento ao Médico Maximino Rodríguez-Fornos (1854-1923).

Nos anos da Restauración (1874-1923) o entón recentemente creado (1873) Balneario de Mondariz que en 1898 inauguraba o Gran Hotel por iniciativa do emprendedor Enrique Peinador Vela converteríase nun importante centro de concorrencia da burguesía e a intelectualidade

da época. No 1907, sucédelle os seus fillos, Ramón e especialmente Enrique Peinador Lines (1880-1940) membro do partido Galeguista, mecenas da *Real Academia Galega* e do *Seminario de Estudos Galegos* e que mesmo incorporará á empresa a Ramón Cabanillas, o que do 1924 ao 1929 será empregado e relacións públicas do balneario e mesmo concelleiro. Alí, en 31 de agosto de 1920, a Real Academia Galega celebrará con toda a solemnidade e gran asistencia da intelectualidade galega o seu ingreso que fará co tema de “*A saudade nos poetas galegos*”. Mondariz será referente para a intelectualidade galega, punto de encontro para intensos parladoiros arredor do “*espírito*” de Galicia, de ética e estética, onde converxían Ángel del Castillo, Castelao, Risco, Otero Pedrayo, Antonio Palacios... Asorey.

Rodríguez Fornos foi médico de sona do balneario e alcalde de Mondariz. Busto erguido sobre unha peaña moi de gusto Decó, centrado entre dúas figuras labradas en pedra que representan pai e nai simbolizando a beneficencia, ambas sosteñen o busto realizado en bronce, abaixo un neno, “*putto*” que complementa a familia e que ergue os brazos contribuindo a aguantar o retrato. Obra que expresa a fonda psicoloxía do homenaxeado.

Monumento a García Barbón (1926), Xosé Manuel García-Barbón Sola (1831-1909) verinés, enriquecido en Cuba que trunfará en Vigo como banqueiro, empresario e benfeitor, construtor de singulares edificios como o Teatro Rosalía de Castro, a Escola de Arte...


Homenaxeado neste monumento, inaugurado coa presenza dos reis, Alfonso XIII e Victoria Eugenia, o 28 de setembro de 1927, concibido para ir adosado, como altar, á parece na parede Avenida García Barbón, baixada da rúa Alfonso XIII, posteriormente trasladado a unha rotonda de Isaac Peral.

Obra característica, moi dentro da sensibilidade da época, como vemos en obras de Benlliure ou Victorio Macho, entre outros, representando ao homenaxeado nunha postura distendida, coitán. Neste caso encadrado dentro dunha estrutura Decó, xeométrica, en alusións masónicas, á que pertencía o homenaxeado, figura fundida en bronce por *Codina* de Madrid que o escultor encadra entre dous piares (Arte-Industria) de pedra gra rosada. Aparece traxeado, recostado, mirando de lado, pensando, de medio corpo cuberto por unha manta que facilita o trazado dos característicos pregues asoreyanos... e sobre del, labrada en pedra teixa, dando un paso e deixando un simbólico triángulo a característica escultura asoreyana alegórica dun rexo Hermes que porta o caduceo.

Busto de Ricardo Mella, escritor e xerente dos tranvías de Vigo (1926) no cemiterio de Peireiró, Vigo. Fundido en Bronce por *Codina* de Madrid. Sinxelo e xeométrico.

No 1928 encárgaselle o **Monumento ao enxeñeiro Eduardo Cabello de Samano Ebrentz** (1865-1957) estadounidense, formado en Madrid, enxeñeiro e director das obras do Porto de Vigo.

Monumento inaugurado en xullo de 1928 nos xardíns de Bouzas, Vigo. Monólito erguido sobre o que se labra un tritón de cabeza humana, agachada, pensativa, que nunha man porta unha



áncora e na outra, erguida e pechando a cima do rectángulo, unha cartela co nome da avenida e o escudo en bronce, entre labras de grilandas típicas dos enmarques asoreyanos.

Monumento a Cuba (1930) para Retiro de Madrid, obra realizada en conxunto entre varios escultores: Benlliure encárgase de facer os bronceos decorativos da base; Miguel Blay realizará a figura que representa a Cuba e remata o conxunto; Juan Cristobal realiza a escultura de Isabel a Católica e Francisco Asorey encargarase da talla da figura de Colón, o que se mostra sentado sobre unha pedra coas carabelas labradas... unha perna adiantada, saíndo do enmarque escultórico, sostendo un globo terráqueo e que mira ás incertezas do horizonte.

Tumba con Cristo Redentor (1935). Museo de Lugo. Imaxe para presidir a capela funeraria da familia Fernández López no cemiterio de San Froilán de Lugo, erguida sobre o altar, centrando a cabeza do Cristo, a modo de nimbo, o óculo de luz da parede. No 2015 adquirida polo Museo de Lugo. Figura concibida como un estípite, base estreita, de traza arcaica, con pregues verticais e con ambas mans xuntas no peito sostendo a Sagrada Forma. Escultura que sigue pautas moi da época, as que mesmo atopamos en Victorio Macho, influenciadas polo escultor croata Mestrovich.

En 1940 realiza o **Sagrado Corazón para o colexio compostelán da Ensinanza**, esculturas, elementais nas trazas, lembrando formas seguidas por Victorio Macho.

Monumento o anterior que fundamentalmente o escultor galego reproduce con cambios na imaxe do **Sagrado Corazón de Cuntis** (1945), escultura esta de traza piramidal, en pedra, con capela-cripta e con placas de mármore para as inscricións. A base ofrece xogos cubistas, Art Decó, inspirada en temas de Simón Rodríguez, sobre a que se ergue a imaxe do Sagrado Corazón que abre os brazos.

Retrato do Ministro Ibáñez Martín para o Instituto Rosalía de Castro (1944) de Compostela. Bronce, tres cuartos, cuberto coa muceta.

San Cristobo para a "Escuela de Logística del Ejército en Villaverde", Madrid (1947) e na que mostra o contraste entre o xigante e o neno sobre o homeiro. Escultura de tendencia naturalista na postura curvada, esforzada do Santo camiñante, que togado apoiase na súa vara e carga co neno.

Busto do Marqués de Riestra (1948) na illa da Toxa, en bronce sobre peaña de pedra, novamente coa característica mirada de lado.

Busto do Coronel Delgado.

Imaxe da Virxe dos Desamparados (Bos Aires) 1949. Regalo a Eva Perón, na actualidade en paradoiro descoñecido, o Museo do Pobo galego ten bosquejo en escaiola). Realizada en

PÁXINA ESQUERDA:

Monumento a García Barbón. Vigo.

Francisco Asorey, 1926.

Fotografía: Xurxo Lobato

caoba. Sedente, co neno no centro, pousado no chan, entre unha figura feminina e masculina, inscritas nunha singular forma triangular, a modo de camarín, na que se cingue o manto bordado da Virxe, coroada por dous anxos, seguindo modelos iberoamericanos da Virxe. Escultura que vencella as tendencias e o gusto de Asorey polo detalle e a policromía.

Imaxe do Nazareno para Viana do Bolo (1949). Imaxe de vestir en madeira policromada.

Busto de Pérez Porto para o Colexio notarial de Marín (1950). En mármore branco e gris-veado no pedestal. Apoia a man sobre un libro, mirada firme de lado. Bosquexo en escaiola no Museo do Pobo Galego.

Monumento ao bispo Blanco Nájara, Seminario de Ourense, (1952) fundido en bronce en *Malingre* de Ourense. Figura que camiña e bendice coa man e coa outra o bastón de mando.

Virxe de Fátima (Aranjuez) (1954). Imaxe que resulta como unha visión celeste, como un estípite, como mandorla de luz, esvelta, inspirada en imaxes de Mateo de Prado, envolta no seu manto.

Virxe do Carme para o Porto da Coruña, a que, realizada en pedra ocuparía a peneda da Ánimas, na entrada da baía coruñesa. Imaxe da que se conserva un pequeno bocexo en escaiola (*Academia Galega de Belas Artes*) así como o de tamaño natural (Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos da Coruña). Imaxe faro, "*Stella Maris*" que lembra á imaxe da rianxeira Virxe de Tanxil, si acaso esta máis estilizada, máis dos característicos trazos expresionistas.

Imaxe da Purísima da Estrada (1956), realizada en mármore de Alicante, imaxe cuberta cun manto sobre gran base achanzada en tramos.

Busto de Miguel de Cervantes para o Ateneo de Montevideo (1956), figura que se mostra agarrando o libro, mira de lado, trazas que denotan os golpes de cicel.

Lápida de Simeón García que recorda á de Mayer.

Busto do Padre Feijoo (1947) bosquexo realizado en escaiola como estudo da cabeza para o monumento de Samos. *Seminario de Estudos Galegos* de Santiago.

Monumento ao Coronel Teijeiro de Oviedo (1942), inspirado no monumento ao soldado da Coruña. Soldado envolto no manto que, con verticalidade, leva a cruz de Santiago cubrindo o seu corpo.

Placa con esqueleto pensando (1943). Facultade de Medicina, Santiago. En escaiola pintada.

Busto de Lucila Barberán (1944) Col. Particular. En mármore branco. Museo do Pobo Galego ten o bosquexo en escaiola.

Monumento ao Padre Feijoo do Mosteiro de Samos.

O mosteiro bieito de Samos de 1930 até 1977 está rexido polo emprendedor abade Mauro Gómez Pereira, mitrado que pretendía converter aqueles espazos nun centro de humanismo, ao estilo de Montserrat. Alí convócase a varios creadores, mesmo Ramón Cabanillas, dende 1947

PÁXINA DEREITA:

Monumento ao Padre Feijoo. Mosteiro de Samos.

Francisco Asorey, 1958.

Fotografía: Xurxo Lobato





Virxe da Asunción.

Francisco Asorey, 1958.

Fotografía: Xurxo Lobato

(1884-1952) republicano conservador, *“Médico dos pobres”*, fundador do Sanatorio de Santa Cristina do barrio vigués de Lavadores.

a 1951 escollerá aquel lugar para os seus retiros e escribir o seu derradeiro libro de poemas, *“Samos”* (1958).

No 1944, un comité presidido por Gregorio Marañón, encarga a Asorey un monumento dedicado ao ilustrado bieito Padre Feijoo (1676-1764), mosteiro onde se ordena sacerdote. Monumento que é inaugurado o 24 de agosto de 1947 e descrito en poema por Ramón Cabanillas. Obra realizada en granito de varias cores, con base de traza en xogos xeométricos, en cruz, e fonte que se abre aos puntos cardinais con catro canos. Sobre deles a peaña cos escudos da abadía e as inscricións en latín alusivas ao padre Feijoo e a referida ao autor, autoridades do ano da inauguración. En pedra gra de cor gris para o hábito dos frades negros”, propicio aos pregues, represéntase ao ilustrado beneditino, reclinado sobre a “misericordia” coral, sostendo o facho do saber. Magnífico retrato do ilustrado que se mostra compracido, mesmo sorrinte. Detrás do sitial ofrécese un relevo que mostra a cruz da orde bieita entre dous frades que se saúdan: un porta un sacho, outro un libro, en alusión aos monxes legos e aos de coro, ao *“ora et labora”*. Conxunto no que se fai patente o simbolismo.

Mestre de Cambre (1950) tallada en granito (paradoiro descoñecido).

Manuel Arburúa (1964), para Madrid.

Busto de D. Cesáreo Corbal Lema

Busto realizado (1955) en pedra verdosa, no cemiterio de Pereiró de Vigo: Retrato acollido en nicho baixo venera que centra e enmarcan dúas columnas dóricas, as que sosteñen un tímpano triangular partido. Conxunto con lembranzas barrocas deseñadas polo arquitecto e galeguista Manuel Gómez Román.

Pedro Barrié de la Maza, para o Barco de Valdeorras (1957). En pedra sobre gran peaña. Consérvase bosquexo en escaiola no Museo do Pobo Galego.

Señora de Hall (1957), busto en granito rosa, sobre pedestal de granito gris.

Asunción para a fachada da torre da Igrexa do Seminario Menor de Santiago (1958). Bosquexo en escaiola no Museo do Pobo Galego. Arquitectura de José María de la Vega Samper. Con releve en pedra sobre ménsula da imaxe da Asunción que abre brazos entre dúas figuras, abaixo, a modo de peaña outras dúas máis pequenas.

Proxecto de Monumento a Luis Otero (1958) (perdida) para o estadio de Riazor, bocexo co que se deixa fotografar nos seus derradeiros días.

BUSTOS, PLACAS, MEDALLAS E OUTROS ENCARGOS

Mesmo dende os seus anos madrileños Asorey foi moi solicitado retratista, realizacións de gusto clasicista, realista, buscando a expresión na mirada, xeralmente ladeada. Bustos algúns deles labrados en mármore, como o do seu fillo primoxénito, **Paquiño Asorey** (1922) (Col. Particular), no que a cabeza do neno neonato abrolla da propia pedra como un ovo; o busto da **sobriña do escultor, Carmiña Ferreira** (1926) (Col. Particular) realizado en madeira de buxo, ou o retrato de **Beluca Varela** (1931) (Col. Particular). Busto realizado en mármore rosa sobre peaña de pedra gris.

Son innumerables os encargos recibidos por Asorey de bustos, obras caracterizadas pola súa expresividade, pola psicoloxía do retratado, en máis dos casos mostrando un xiro de cabeza, a tensión ou o apracible do momento. Obras realizadas en pedra, a veces combinándoas nas súas diferentes texturas e cores. Outras tamén fundidas en bronce, xeralmente nos talleres madrileños de *Codina* e mesmo no entón tan solicitado Malingre de Ourense.

Tamén entre os anos trinta e até o fin da vida de Asorey recibiu numerosos encargos de placas para rúas ou mesmo lápidas para panteóns. Inventario deste tipo de pezas no que se sigue e que se fai interminable, sempre aparece e se documenta algo novo. Tampouco faltarán os encargos de obras de menor tamaño, orlas, medallas...

E será precisamente nestes encargos tan comúns onde mellor se mostran as características de época, de estilo e moda que tamén coutan ao escultor. Dicímolo por canto reportan fundamentalmente no enmarque, que presupón o uso de materiais diversos, tipos de pedra e mármore de varias cores, en contraste coas placas de bronce, preferiblemente para os retratos e as letras. Enmarques nos que normalmente xoga coas superposicións xeométricas tan do herdo do Barro-

co de placas, como da tendencia e propostas do *Art Decó* e que o escultor fai súas. Enmarques que se poden ofrecer entre sartas de grilandas, que non deixan de ser tamén herdos do Barroco compostelán, retomadas entón dentro das tendencias modernistas do momento.

Monumento e busto de Curros en Celanova (1952). Esquemático e rectangular pedestal de pedra que simula un arpa sobre o que se ergue o busto en bronce de Curros, fundido en *Malin-gre* de Ourense. Novamente o escultor, de xeito expresionista mostra a característica expresión arrogante, digna, do poeta e que o escultor tiña moi estudada e reproducida.

Cruceiro en homenaxe a Isabel García Blanco (1952), na finca Simeón de Vista Alegre, estudo sobre a tradición deste motivo da arte popular.

Chamadores: Rúa do Vilar 59, encargo do doutor Joaquín Vaamonde Rodríguez, pioneiro dos raios X en Galicia. Trátase dun petador de porta, fundido en bronce e que entrelaza as figuras dunha serpe e dun sapo, alusión á medicina e as súas tradicionais raiceiras. O eixe que o sostén entre dúas cunchas de vieira, todo sobre un corpo irregular con temas vexetais dentro da sensibilidade modernista. Outro petador é o da casa do mesmo escultor no campiño do Carme de Arriba, este en ferro e que representa a silueta dun peregrino inscrito na cruz de Santiago.

Nos anos composteláns recibe varios encargos de bustos para espazos públicos, obras nas que pon de manifesto as súas calidades de anatomista, de retratista, sabendo captar o xesto, fuxindo da tradicional figura estática. As súas son figuras que parecen dialogar co contexto, que xeralmente miran de lado evitando o estatismo ao que inevitablemente parece levar a talla en pedra. Velaí o **busto de Carnero González**, en Rubiáns, Pontevedra, o busto ao emigrante galego en Bos Aires, **Vicente Ramos** (1924) nos Anxos, Brión, de bronce, neste caso con mirada ao fronte, perdida no horizonte, sobre basamento de pedra que se ergue sobre estanque octogonal. A **lápida a Federico Shaw** (1924) no Ferrol, no centro placa rectangular de bronce coa figura do homenaxeado, inscrita en mármore coa dedicatoria. O busto de **Lino Torres** (1923) (Reitorado Universidade Santiago) en Compostela, o de **Manuel Martín Salazar** (1923) no xardín do sanatorio de Oza, Coruña, o de **Miguel Gil Armada** (1920) de Fefiñáns en Cambados... Os encargos particulares dos bustos das **Señoritas Otero y Varela**, en mármore, o do **pianista Cerdeiriña**, o do **párroco de Moraime**, en Muxía, tamén en mármore... En pedra fai o busto de **Sobriña do Artista**, o de **Manolo Quiroga** (1919) nos Xardíns de Belas Artes, Pontevedra, Manuel Quiroga Losada (1892-1961) virtuoso violinista, compositor pontevedrés, considerado o artista galego máis notable do momento, amigo de Zuloaga, Sorolla, Casals, Falla, Asorey... reivindicado polo galeguismo. Bosquexo do violinista pontevedrés, modelado en barro, de 1919, a escultura en pedra fíxose posteriormente e levantada no 1949. Hai varias réplicas en bronce. Cabeza co característico escorzo asoreyano, que mesmo reflicte no rostro a tensión musical poñen de relevo as dotes do escultor para o retrato sobrio, novamente co escorzo e mirando de banda...

Do mesmo tempo e da mesma sensibilidade é o **retrato dun Sacerdote da Serra de Outes**.

En Caramoniña realiza Asorey o encargo de **capitel e escudo en esquina para a fachada do Hotel Compostela** (1930), obra o arquitecto Antonio de Cominges Tapias (1897-1987): historiado capitel da entrada, seguindo tradicións románicas vistas no compostelán Pazo de Xelmírez e no que se representa un ambiente de banquete, mesmo recoñecendo os retratos de personalidades: Valle Inclán, Castelao, Quiroga, a Bella Otero... e para presidir a esquina da fachada tamén realizará o escudo de Compostela vencellado ao de Galicia, obra na que terá en conta os herdos do barroco de placas que caracterizan a cidade.

Entre os numerosos e expresivos encargos de placas conmemorativas, temos o da **Lápida de Bernardo Barreiro** (1921) (esquina da rúa Xelmírez coa rúa Nova de Compostela), moi na sensibilidade Decó e na que fusiona bronce e mármore, enmarcada entre follaxes e grilandas. A **Placa a Saralegui** (1927) para o cabo de Fisterra, relevo en bronce; A **lápida ao reitor José Rodríguez Carracedo** (1924) na Facultade de Farmacia en Santiago: gran placa de bronce co relevo do homenaxeado apoiado como na soleira dunha xanela, resto en mármore. A **lápida a Concepción Arenal** para o Centro Galego de Madrid, novamente conxuntando bronce e mármore. **Placa a Miguel Gil Casares** (1932) na Facultade de Medicina de Santiago. En bronce, con varias superposicións rectangular de forte senso art decó. No centro o relevo da figura en tres cuartos.

Busto de dona Dolores Ulla y Fuciños de Bendaña (1932) (Col. Particular). De mármore sepia e granito gris. Bosquexo no Museo do Pobo Galego.



Capitel para a fachada do Hotel Compostela.

Francisco Asorey, 1930.

Fotografías: Xurxo Lobato

Busto de Manuela González de Alsina. Col. Particular. Mármore branco e sepia combinado con pedra gris.

A fama de Asorey fai que non soamente sexa reclamada para a imaxinería de altares, para retratos, ou obras monumentais, para presentarse ás grandes exposicións, senón que tamén recibe numerosos encargos funerarios, non sempre catalogados, de placas e medallas conmemorativas. Obras que realizará denotando a súa característica simplicidade expresionista: **Medalla de Marcelo Macías** (1916) no anverso enalzando o retrato do sacerdote intelectual, no reverso simbolizando a matrona céltica e de fondo, a modo de aura, o arco do Pórtico da Gloria... O simbolismo, a tradición céltica e cristián combínanse nesta medalla.

Medalla do Exército (1917) (paradoiro descoñecido), onde os símbolos xacobeos atoparán sitio. No anverso represéntase ao Santiago cabaleiro sobre escudo da cidade e no reverso conxunto de figuras femininas con símbolos, espada, balanza, oliveira... e a inscrición *"Justitia et pax osculatae sunt"*.

Deseño da portada do libro "O Fidalgo" de Xesús San Luis Romero (1918). Debuxo de trazas que seguen modelos de Castelao: Diálogo de dous camiñantes... ao fondo unha árbore e un cruceiro.

Lápida ao médico Narciso Carrero (1919) Facultade de Medicina, Compostela. En mármore con inscricións douradas enmarcadas entre entablamento sobre dúas columnas dóricas.

Medalla para el Patronato de la Caridad (1919) (paradoiro descoñecido), en homenaxe ao papel desta institución no andazo da gripe do 1918, tal como se indica no anverso. No reverso represéntase á *"Charitas"* a través do socorrido tema da matrona, da Vitoria.

En Barakaldo, e polas súas calidades manifestas para o retrato anatómico, Asorey recibe varios encargos, como os **retratos do salesiano D. Rúa, e o do seu discípulo Julio Beobide**.

Lápida ao mestre Martín Gómez Abal (1926) Vilagarcía de Arousa. En bronce. Rectangular con arco enmarcada entre dúas figuras, unha muller cun neno e na outra un home, no centro un pórtico e detrás a alborada solar...

Busto de neno para José Luis Puente Domínguez (1926). Santiago (Col. Particular), en escaiola, estudo da mirada do neno, segue pautas rodinianas.

Medalla conmemorativa das vodas de ouro Casimiro Gómez e Dolores Palmés (1927).

De Madrid e ao longo da súa vida segue recibindo encargos, fundamentalmente eses retratos que co seu característico expresionismo parecen brotar do material e fano seguindo pautas de Rodin, tal como o **Busto de Don Jaime de Borbón, o de Don Antonio Maura**, así como o **do seu amigo o pintor Juan Luis** (1914).

Lápidas dos Bugallal para Pontearreas: a de José Ramón, a de Isidoro. Novamente realizadas entre a característica austeridade, manifestando sempre a súa habilidade para o retrato. Non falta, nunha banda o tema da Maternidade en alusión á xenerosidade, e na esquerda un pensador realizado en liñas clásicas, cun enmarque de Art Decó entre grilandas de flores e froitos, moi do gusto asoreyano e da tradición compostelás, nas esquinas superiores.

Dos anos da segunda república son as placas con efixies de **Ángel Baltar** (1929) no Concello de Rianxo, na parte central a placa en bronce coa efixie en relevo do homenaxeado, arriba grilandas e pombas que sosteñen o escudo de Rianxo, sobre placas de mármore gris e máis claro coa inscrición.

A placa do **médico don José María Piay** (1934), en Catoira, realizada en pedra e bronce o rectángulo coa faciana...

Busto do filántropo don Guillermo Álvarez en Cortegada (1935) moi similar á anterior.

Tondo de Manuel Lomba Peña (1935) medallón en bronce aplicado a obelisco de granito, Monte de Santa Tegra, A Guarda.

Busto de Juan Bautista Durán (1930), cemiterio de Moraime, Muxía. En mármore, detalle no retrato e no manto litúrxico bordado.

Cabeceiro de cama (1930). (Col. Particular) Santiago. Baixorrelevo policromado.

Máscara Funeraria de Antón Vilar Ponte (1936). Real Academia Galega. Escaiola pintada. Detalle da faciana do pensador, reclinada.

A singular lápida dedicada ao acibecheiro

Enrique Mayer Castro (1933) na compostelá rúa do Preguntoiro, encargo que segue o esquematismo dos anos finais e na que mesmo, a través das liñas quebradas trata de recordar a talla do acibeche, sobrepoñéndose sobre o retrato do acibecheiro unha figura barbada en pedra en alusión ao Apóstolo, todo enmarcado dentro da sensibilidade Art Decó.

Placa a Concepción Arenal (1923) (paradoiro descoñecido). O centro Galego de Madrid regálalla ao concello da capital. En mármore e bronce. A figura da homenaxeada sobre o símbolo alegórico dunha figura pensante, de dor... baixo semicírculo festonado de circunferencias, abaixo a inscrición...

A Lápida a Moscardó, cos símbolos do franquismo.

Placa ao Teniente Sal Lence.

Retrato da Nai de Fernando Alsina e de don Mariano Gómez Ulla, nas que simplifican os planos poscubistas.

Busto da Señora González Sierra (1950) Museo do Pobo Galego, bosquejo en escaiola. Obra na que recorda traballos do Renacemento florentinos, ao estilo de Settignano.



Placa conmemorativa a Enrique Mayer Castro.

Francisco Asorey, 1933.

Imaxe extraída de wikipedia.org

A nena **Beluca Varela**.

Señora de Martínez de la Riva chea de clasicismo renacentista.

Lápida a Simeón García de la Riva (1946) en Ortigosa de Cameros. Realizada en pedra gra e bronce, neste material a placa central co retrato do homenaxeado e ás bandas a representación de dúas figuras. Inscrición tamén en bronce. Lembremos que esta familia e personaxe, fundador da banca Simeón, foi empresario asociado ao pai de Asorey.

Busto ao Reitor Alejandro Rodríguez Cadarso (1934). Facultade de Medicina, Santiago. Bronce sobre pedestal de pedra, fundida en Codina de Madrid. Dedicación especial a un retrato para ser vista dende abaixo.

Calvo Sotelo de Santiago e Vilagarcía (1938). Busto de bronce sobre basamento rectangular de pedra. Mira de fronte, no peito o escudo de España.

Franco (1938). Museo Histórico Militar da Coruña. Fundido en Bronce por *Malingre* de Ourense.

Lápida a Moscardó (1938) desaparecida. En bronce no centro un tondo co retrato do militar, entre símbolos, águia, cruz de San Fernando.

Lápida a Marujita Rey (1938) no compostelán cemiterio de Boisaca. De bronce sobre mármore rosa.

Busto de Elena Tormo de García Sabell (1940) Col. Particular. En bronce. O Museo Carlos Maside de Sada, garda o bosquejo en escaiola, busto de medio corpo coas mans cruzadas,

Poeta Prado Lameiro (1944) no ourensán parque do Posío. En bronce e pedra, en conxunto deseñado polo arquitecto Antonio Alés.

Monumento aos ferroláns mortos en África, Ferrol (1948), a carón da entrada ao Dique, Praza de Galicia. Idea que partía de 1926 e dunha Xunta creada ao efecto, para inaugurarse o 15 de setembro de 1949 coa presenza das máis altas autoridades do Estado. Obra que nos remite ao clasicismo da *Vitoria de Samotracia*, á *Epopeia Polaca de Bourdelle* ou a mesma *Liberdade* de Nova York, de Bartholdi... A de Ferrol trátase dunha estilización alegórica, cimo do expresionismo: obelisco de 15 metros, que parte dun pedestal achanzado, con catro placas relevo en bronce en cada unha das caras, en alusión a paisaxes de Alhucemas, Ceuta, Blitz... e outra cos nomes dos soldados mortos naquelas campañas. No remate, sobre capitel cúbico con follas de acanto campa a escultura en bronce, fundida nos talleres ferroláns da Bazán da Vitoria alada que ergue ao ceo o brazo dereito, entregándolle á cidade a coroa de loureiro.

Ángel López Pérez (1873-1964), avogado, conservador, emprendedor alcalde de Lugo, tanto en anos da república como durante o franquismo, presidente do Círculo das Artes. Monumento con base de planta en cruz sobre estanque e fonte en pedestal de trazas xeométricas, combinando tipos de labra, a rústica, brutalista, en relación coa muralla romana, coa fina do corpo central, sobre o que se representa unha singular e simbólica figura sentada ao xeito búdico sobre bloque cúbico e que ergue e xunta as mans cara ao ceo. Figura quizais en relación con Prometeo, benfeitor da civilización entre deuses e humanos... Nunha das caras da base cúbica móstrase, labrado, tamén de xeito rústico, o retablo-relevo dunha matrona, como símbolo da fecundidade e da cidade romana

que leva nas mans unha vara e unha chama. Detrás anxos e símbolos do agro: o boi e un labrego, o cabalo e un fidalgo...

Monumento a Cabanillas en Cambados (1959). Sinxela pedra fita, menhir erguido ao ceo, na parte baixa coa placa en bronce co retrato do poeta de perfil o que se mostra sobre o doutro rostro con coroa de loureiro, quizais en alusión ao bardo nos anos mozos... a sombra do que foi. Labrada na pedra campan os versos alusivos á súa vila natal no poemario "Vento mareiro" e a relación de obras do escritor.

Busto de Ramón Aller (1959). Reitorado da Universidade de Santiago. En bronce, estudo para o monumento de Lalín.

Busto de Nóvoa Santos (1961). Facultade de Medicina de Santiago, en bronce sobre peaña rectangular en pedra gra.

Busto de Frei Rosendo Salvado (1961), para o mosteiro de Samos. En pedra moi cicelada, inacabada, sobre base coa inscrición.

Cabeza de Cristo. En escaiola (1961).

A COLABORACIÓN DE ASOREY COA "CERÁMICA ARTÍSTICA GALLEGA DE PONTECESURES"

Nas ribeiras dese Ulla que abre ao Mar de Arousa, en Pontecesures, no 1925, abre a empresa cerámica Eugenio Escudero Lastra, será baixo o nome de *Cerámica Artística Gallega*, onde o principal activo asesor e creador foi un xa laureado escultor Asorey. Pouco despois, no 1926 a fábrica é adquirida e guiada da man do emprendedor empresario local, Ramón Diéguez Carles e do traballador incansable José Brañas, axudado de expertos artesáns e técnicos en pleno florecer dos anos Modernistas. Agora o nome escollido será o de *Cerámicas Celta*, respondendo ás inquiredanzas daquelas xeracións, contidas tamén en caer nun costumismo enxebre, dando paso a un innovador expresionismo. Proxecto ao que se sumaran os máis significativos intelectuais de entón, como o malogrado pintor Víctor García Lozano, Castelao, Xosé María Acuña, Bonome, Manuel Torres, Maside, Carlos Sobrino, José Juan, Pepe Sesto, Bóveda... entre outros e como non, entre os que máis e dende as súas orixes estará Asorey, que tamén usaba aquel barro para modelar moitos dos seus boxos. A guerra civil supuxo un gran baixón e pesadelo, pese a grandes incorporacións xa en anos próximos ao seu peche, o que aconteceu dous anos despois da morte de Asorey, cerrada no 1963.

Asorey fará para as cerámicas de Pontecesures temas icónicos referidos a Compostela e a Galiza, mesmo eran moi solicitados como *souvenirs*, o "**Pórtico de la Gloria**", as imaxe de esculturas súas de sona, como o "*Tesouro*", de "*Apóstolo e Beatas*", "*Canónigos*", "*Maternidade*", mesmo para a rianxeira Virxe de Tanxil encarga uns azulexos que complementarían o manto da imaxe pétrea, dándolle unha pegada propia dos anos do Modernismo.



Pórtico da Gloria. Francisco Asorey
para Cerámica Artística Gallega.
Imaxe extraída de 1000lugaresengalicia.blogspot.com

A figura en cerámica do “Tesouro” data de 1926, realizada en pequenos tamaños, a maior de 65 metros de alto, a mediana de 42 centímetros e a pequena de 19 centímetros. Figura que imita a escultura realizada dous anos antes e xa considerada un símbolo en Galiza.

Tamén do 1926 é o *Pórtico da Gloria*, reprodución da obra de Mateo na Catedral Compostelá, placa de 55 centímetros de largo e 31 centímetros de alto, policromada suavemente pola pintora Oria Moreno... O busto de *Labrega e Labrego* poñen a proba a capacidade anatómica e expresiva que caracterizada os retratos do escultor, neste caso como retratos dunha Galiza de traballo, emigración, nostalxias, a nai, identificada coa Terra, envolta nunha certa aura de morriña, o presentimento do que se perde. Na mesma liña está a figura moldeada en barro de “*Naiciña*” (1921) (en escaiola, Museo de Pontevedra) escultura orixinal realizada en madeira que actualmente está na Cidade de Rosario (Arxentina). No Museo de Pontevedra está a proba da obra en escaiola. A nai que parece radicar e brotar da Terra en pregues de mantos que parecen divinizar o tema representado, a nai e nena no colo, ambas cubertas, a nai co pano enxebre a nena cuberta cun gorro de calceta, como

rostrillo —quizais lembranzas da venerada imaxe da Virxe da Valvanera, na capela do Pazo de Motesacro, devoción traída da Ríoxa— auras de dignificación, outorgándolle un certo carácter de santas, proba da “Galiza Santa” que cantaba e idealizaba o poeta Cabanillas. Parella de “Dúas Galegas Aldeáns”... entre outras figuras que estudos que no futuro irán filiando ao seu autor.



**Cerámicas “Celta” de Pontecesures:
“Apóstolo e beatas”**

O ESCULTOR ASOREY

06

**Os anos da
ditadura**



Cristo redentor.
Francisco Asorey, 1935.
Museo de Lugo.
Fotografía: Xurxo Lobato

OS ANOS GRISES DA GUERRA E DA POSGUERRA

Asorey alterna as horas como escultor de Anatomía da Facultade de Medicina, dando clases de debuxo na *Escola de Mestría Industrial*, no Instituto Rosalía de Castro, na *Escola de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos de Compostela*, e farao ate 1959, ano no que se xubila, sempre sen deixar as horas interminables de traballo no seu taller, onde non lle faltarán auxiliares, creando unha verdadeira escola de amor á Terra e á escultura.

Pese ás divisións do galeguismo de esquerdas e dereitas, moi de alicerces relixiosos, e celebrando todos o trunfo do Estatuto de Autonomía de Galiza no 1936 pásase a días, meses turbulentos, de sombras e de medo que desembocarán na sublevación e golpe fascista e nunha cruel guerra: os que se quedan coa República no Fronte Popular e os que coa incerteza déixanse estar entre as sombras do bando militar rebelde, apoiado pola Igrexa. Moitos dos vellos amigos son cruelmente asasinados, Camilo Díaz Baliño, Ángel Casal, Blanco Torres, mesmo un sobriño seu, presidente do sindicato de médicos, Antonio Gelpi Asorey... moitos outros collen camiño do exilio: Basilio Álvarez, Castelao, Lois Tobío... Namentres que os que quedan, impactados polo medo e que para salvarse acóllense aos seus principios relixiosos, os dun nacionalcatolicismo sobreactuado, uns encúñchanse en silencios, outros sobreviven entre as contradicións, Risco, Cabanillas, Palacios...

Naqueles anos afundidos nunha tristura gris, Asorey segue cos mesmos principios estéticos do rexionalismo e o neohumanismo, os que segue a tratar con aquel característico xeito expresionista, tan propicio á labra en pedra gra. A súa fama segue e agrándase, moitos concellos queren ter obra súa: Compostela, Coruña, Betanzos, Lugo, Ourense, Vigo, Ferrol, Cambados, Celanova, A Estrada, Lalín, A Toxa, Marín, Samos, O Barco de Valdeorras, mesmo de diferentes puntos de España, Portugal, El Salvador e Uruguay e Arxentina, encárganlle obras. Asorey é fiel ao vello camiño recorrido, ás posibilidades da pedra tan tendente ao románico. Dicía o historiador da Arte Chamoso Lamas que *“o canteiro galego fai románico como o verme da seda fai a seda”*... a pedra implica esa mensaxe arcaizante, expresionista, aínda sen perder as súas predileccións clasicistas e simbólicas, neste caso tamén influenciado polas tendencias escultóricas xermanistas de Joseph Torak ou Arno Brecker, as que enxalzan heroicamente aos representados, o traballo, a forza, o carácter racial... Velaí a **serie de esculturas encargadas para a Escola Naval Militar de Marín**: a **Virxe do Carme** (1942) na que retorna á xa realizada en Cuntis, con recordos miguelanxelesco, o **busto de Isaac Peral** (1945) na Escola naval de Marín, en bronce; o busto de **José Luis Díez** (1945) na Escola Naval de Marín, similar ao de Isaac Peral,



Monumento aos caídos. Ourense.
Francisco Asorey, 1955.
Fotografía: Xurxo Lobato

abatido, caído polo peso... sobre del, e en contraste, a levedade do anxo que erguido porta a coroa dos mártires.

Vítor a Frai Rosendo Salvado, labrado no muro de San Martín Pinario de Santiago (1945).

a monumental estatua de Álvaro de Bazán (1950) para El Viso del Marqués, Ciudad Real, fundida en bronce nos *talleres Codina* de Madrid: sedente, espiritualizado, realizado dende esa súa tendencia ao realismo clasicista florentino con recordos historicistas... os monumentos aos soldados: **“O Soldado Galego”** (1940) no Cuartel de Atocha da Coruña, que representa ao soldado cuberto de casco, como ocultando no manto os seus temores.

Destes anos é o **Monumento ao emprendedor Manuel Barreiro Cabanelas** (1942) para situar diante do Hospital provincial de Pontevedra.

Barreiro Cabanelas (1867-1950) filántropo de A Lama enriquecido no Brasil, benfeitor de obras públicas, entre elas do hospital provincial de Pontevedra, ante o que se erixe este monumento.

Representa a figura dun home en escorzo e de fortes lembranzas miguelanxeas, como os *“Escravos”* para a tumba de Xulio II, tan nas miras de Asorey. A escultura para Pontevedra trata de ceibarse de ataduras que o cinguen, como da mesma pedra, a dor que o couda. Na peaña a placa co retrato en bronce do filántropo...

Monumento como o dedicado aos **Caídos de Ourense** (Parque de San Lázaro) (1951) no que, novamente, lembra aos *“encadeados”* de Miguel Ángel, deixando falar á pedra da que xorde a escultura do guerreiro


(1944) A VOLTA ÁS VELLAS PREDILECCIÓN EN RELACIÓN CO POBO

Asorey recibe un importante encargo do *Centro Galego de Bos Aires*, presidido entón por Heliodoro Friol, será a realización do **altar para o Panteón Galego da Chacarita**, Bos Aires, (1944). Conxunto no que novamente latexan as leccións de Mateo no Pórtico da Gloria, ese sentimento ascético no conxunto que será como un cruceiro, agora baixo baldaquino: viacrucis da Terra á Luz, como o camiño de aventuras e desventuras da emigración para culminar no colo da verticalidade Nai-Piedade, na cerna da cruz, trabe que configura o Cristo xacente... conxunto con suaves toques de cor que deixan que a pedra fale.

Labra "*Filiña*" para o Instituto Nacional da Seguridade Social da Coruña (1948), (Museo de Belas Artes da Coruña) imaxe en madeira con viva policromía, na que, pese ao transcurso do



Altar do Panteón Galego da Chacarita. Bos Aires.
Francisco Asorey, 1944
Fotografía: Felipe-Senén López Gómez



Asorey xunto a obra

Filiña. Francisco Asorey, 1948.
Museo de Belas Artes da Coruña



tempo, segue esas permanentes estéticas dos anos da Xeración Nós: sobre peaña e en simetría móstrase a imaxe da nena de ollos azuis, expectante, coa cabeza cuberta co enxebre e festivo pano de Cachimir, tan propicio aos pregues asoreyanos; móstrase axeonllada, collendo no chan e en cada man ambos xerros de cinco dedos, enxebres de Sargadelos, no centro e sobre unha peaña a imaxe da Inmaculada aureolada de flores.

Por estes anos recibe tamén o encargo da imaxe do **Crucificado para a igrexa parroquial de Santa María ou de Nosa Señora da Misericordia, Capela do Santísimo de Moιά**, (1952), capital

da bisbarra do Moianés, en Barcelona. Escultura fundamentalmente estudada, con bocexo en xeso na colección do artista depositada no Museo do Pobo Galego. Encargo realizado para a igrexa parroquial reconstruída despois dos enfrontamentos da guerra, por iniciativa do empresario farmacéutico e industrial Pere Viñas i Dordal, do célebre Laboratorios Viñas, membro dunha familia de orixe humilde, moi relixiosa, afeccionados á música e seguidores da Renaixença e dos presupostos de Jacint Verdaguer, con irmáns de sona, como o tenor Francesc Viñas, internacionalmente solicitado como gran intérprete de óperas de Wagner, así como de Mariano, mestre de capela. Asorey talla unha obra colosal, de 4 metros de alto, realizada en madeira policromada e que Otero Túñez define como a máis egrexia, solemne e divina figura do crucificado da escultura española. Escultura que parte do detido estudo dun tema moi en voga naqueles anos, o relativo á vida de Xesús. E velaí ao respecto toda unha teoría que parte do autor cristián bretón Ernest Renán (1823-1892), que pasa polas obras do francés León Bloy (1846-1917) coñecido entón como "o tolo de Cristo" e que, naqueles anos retoma con gran influencia o controvertido autor florentino, Giovanni Papini (1881-1956) e posteriormente será o cretense Kazantzakis. Asorey estuda e contrasta, ademais, a iconografía dos crucificados na historia da arte, vella e permanente paixón vital, dende os románicos ás pinturas de Zurbarán, Velázquez, Montañés, Goya... Para resultar unha imaxe neofigurativa trazada dende o seu singular expresionismo, cargada dese simbolismo



Xarrón cinco dedos.
Sargadelos



Cristo de Moia. Barcelona
Francisco Asorey, 1952

que en Asorey é unha permanente, o dramatismo do Cristo de catro cravos fusionado coa Cruz, hierático, sereno, faciana na que a coroa de espíñas suxire unha estrela ou aura divina. Conxunto que expresa a trindade na idea Home-Deus-Redentor. Imaxe que, previamente, en xuño de 1952 por iniciativa do “Comité pro Tradición del Arte Cristiano de España”, foi exposta na *Galería Grifé y Escoda* de Barcelona con sobresaínte éxito.

Son estes anos apoteóticos para o escultor, dos que tamén data o **Monumento a Aller en Lalín** (1959), onde xa tiña o Monumento ao aviador Loriga, novamente erixido como un menhir, neste caso sobre un basamento do máis puro Art Decó, asumindo o que significa a xeometría e máis a triangulación na astronomía. O astrónomo, leva tamén na súa man o astrolabio, como símbolo do seu saber. No fondo latexan os herdos do santoral románico, representando e

diferenciando ás figuras con elementos das súas afeccións ou do seu martirio monumentos nos que as capacidades para o retrato que distinguen a Asorey complementáanse co comedido conxunto simbólico.

Francisco Asorey foi recoñecido polas máis altas institucións, de tal xeito que un 2 de decembro de 1940 a *Real Academia de Bellas Artes de San Fernando*, a proposta do arquitecto Antonio Palacios, de Mariano Benlliure e de Aniceo Mariñas é nomeado académico correspondente.

Como xa dixemos arriba o 28 de abril de 1944 a entón a *Real Academia provincial de Belas Artes da Coruña*, nomea a Asorey académico numerario, igual que o fará a Real Academia Galega na que cobre a praza que foi de Armando Cotarelo, para comunicarllo en 4 de maio de 1952. Recoñecementos como os que recibe Ramón Cabanillas, o seu paisano, amigo e irmán nos sentimentos de “espírito” que no 13 de outubro de 1957, ambos, en solemne acto serán recibidos como *Académicos de Honor*, proposta asinada por Bouza Brey, Luis Iglesias, Chamoso Lamas, Portela Pazos,

Carro García, Iglesias Alvariño, Pedret Casado, Otero Pedrayo, Vales Villamarín... discursos nos que se recoñece a Cambados, a Asorey como herdeiro “... dos ciceis de Mateo, das gubias de Castro, de Prado e de Ferreiro; fixo mol a pedra de gran dos montes e dominou a dura febra dos buxos dos carballos dos castiñeiros pra trocar a súa materia en espírito de santos, de profetas, de sementadores de ideais, que pousar nos altares, nos edificios ou nas prazas cívicas”.

(1959) AS HOMENAXES DOS ANOS FINAIS

No 1959 cando Asorey cumpre setenta anos a Universidade Compostelá dedicoulle unha sonada homenaxe, farao con conferencias, a publicación do libro de Otero Túniz, un Víctor cun retrato do artista feito polo seu compañeiro na *Escola de Artes e Oficios*, o pintor Felipe Criado. O mesmo cando se xubila da Facultade de Medicina da que era escultor anatómico, nesta ocasión será cun discurso de Jorge Echeverri. No mes de maio a Universidade nun paraninfo ateigado de autoridades, profesores e alumnos, dedicaralle un solemne acto académico. Momentos no que o Reitor da a palabra ao profesor Otero Túniz que enxalza o estilo e a obra de Asorey... de seguida o profesor Rabanal Álvarez fai unha emotiva lembranza biográfica e le un poema dedicado á imaxe do Cristo de Moiá. O Reitor pechou un acto que en días seguintes recolleron os medios. O concello de Compostela noméao Fillo Adoptivo.

Asorey foi creador admirado e querido por todos, uns e outros valoraron a súa capacidade de traballo, a súa comprensión e contaxio do “*espírito da Terra*” que dicían os galeguistas de entón. Sendo, no 1959 nomeado fillo adoptivo polo Concello de Santiago. Membro do Padroado Rosalía de Castro, empeñado en recuperar para a historia de Galiza a casa da Matanza en Padrón.

Vítima do seu traballo, afectado de silicose, nos últimos meses da súa vida o profesor Echeverri encárgalle para a Facultade de Medicina Compostelá o **busto do doutor Roberto Nóvoa Santos**, e que remata unhas semanas antes do seu pasamento que será o 2 de xullo do ano 1961, a un tempo que traballaba nunha **reproducción do Tesouro**. Dous días despois será enterrado no Panteón de Galegos Ilustres da Igrexa de San Domingos de Bonaval. Toda Galiza deixou pegada deste sentir a través dos medios de comunicación, pois fórase un dos seus mellores intérpretes.

Ao final da súa vida proxectaba Asorey, policromados en madeira o **retrato da súa esposa, Jesusa Ferreiro** (1944) Concello de Santiago, como unha matrona recostada, cuberta cun mantón, como unha Agripina romana, recordando obras do neoclásico Antonio Canova (1757-1822), humanizándoa cun libro e un gato. Figura da que soamente se conserva o bocexo en xeso e a torada de madeira desbastada, así como o busto de medio corpo, cuberto con manto denotando a calidades nas telas e dos bordados, como o busto da **Condessa de Marín** (1944), bosquexo en escaiola no Museo do Pobo Galego, pasado a madeira policromada e coñécese que existiu unha réplica en mármore... e a escultura de **Filliña**.

O ESCULTOR ASOREY

07

**Abrindo a unha
nova estética
na arte galega**



ALUMNOS E DISCÍPULOS: O CLASICISMO, O EXPRESIONISMO, AS TRADICIÓN...

Cabe destacar a importancia que ao longo da historia tivo o artesanado en Compostela, maioritariamente o dedicado ás necesidades construtivas dos templos e en especial dos retablos e imaxineiros, dos que a cidade era un referente. Asorey continúa e mellora unha tradición que Valle-Inclán ben diferenciaba entre escultores e imaxineiros, estes pregados ás tradicións de técnica, fondo e forma, a un clasicismo expresado en rostros, en cristos espidos, en imaxes envoltas en roupaxes que seguían fondas tradicións escultóricas hispánicas... ata que Rodin e outros seguidores romperon con aquel tradicionalismo. Entre os escultores de encargos fundamentalmente relixiosos recordamos ao historicista ecleticista Maximino Magariños (1869-1927), a Rafael De la Torre Mirón que estende a súa arte a escenas costumistas, algunha das que recordará ao "Tesouro" de Asorey, ao gran retratista Mateo Larrauri (1885) a Gorrita...

A fama e a obra de Asorey atrae a mirada de novos escultores, mesmo cara aos materiais preferidos polo escultor galego, que pese á preponderancia á moda e as propostas académicas dos mármore ou do bronce, seguen sendo en Asorey os tradicionais da escultura hispánica, as pedras e a madeira, para aplicar sobre elas as súas preocupacións estéticas, de inspiración arcaica, clásica grecolatina ou medieval... figuras ás que dará unha individualizada personalidade.

Os talleres de Asorey eran moi visitados e nos que aproveitándose das capacidades como pedagogo escultor non faltaban algúns alumnos aprendices, de debuxo e talla. No taller de Barakaldo reuniu a uns corenta alumnos en clases de debuxo e a para o de escultura a uns seis. De aí sairán figuras que acadarán renome na escultura vasca, como Beobide, Delfín Délica e Juan Guraya, escultores caracterizados por esas leccións asoreyanas, a predilección pola anatomía, polo retrato e o xesto, a de deixar falar a calidade da materia sobre a que se traballa.

Nos anos dos talleres composteláns son sobranceiros os nomes de alumnos como Santiago Rodríguez Bonome (1901-1995), Francisco Vázquez "*Compostela*" (1898-1988), o malogrado Juan Villaseñín, de José María Acuña, Aurelio Iglesias, o emprendedor fidalgo Joaquín Gil Armada... escultores que bebendo dos principios de posta en valor do material, de certo e controlado primitivismo e expresionismo nas formas, van desenvolvendo seu propio camiño. Posteriormente sairán daquel taller Arturo Brea, José Mateos, Eduardo Parrado... onde o tema tradicional do cruceiro será o máis solicitado. Entre estas obras é singular a obra do ourensán Antonio Failde que bebeu do saber de Asorey nos talleres de Santa Clara.

PÁXINA ESQUERDA:

Monumento a Curros. A Coruña.

Detalle. Francisco Asorey, 1934

Mesmo tamén deberán terse en conta os alumnos formados nas clases da *Escuela de Trabajo*, finalmente na de Artes y Oficios Artísticos de Santiago, como Alfonso Vilar, Antonio Saavedra, Manuel Carracedo, Xosé Cao Lata, que no 1965, en homenaxe ao escultor de Cambados recibe por parte do Concello para esta vila o encargo de reproducir en pedra e a maior escala a "*Naiciña*"... Escultores, entre os que pola proximidade ao mestre destacan tamén José Aldrey ou Cástor Lata, escultores de crucificados que seguen a dar gran valor á anatomía, singulares imaxes e que pechan toda unha tradición imaxineira compostelán.

A arte inmorrente de Asorey segue sendo un referente no eterno devalar da Arte, igual que as representativas e inspiradoras paisaxes de Cambados ou de Compostela ou os saberes tradicionais que se irán sometendo a novas tecnoloxías e sensibilidades. No noso tempo no substrato de novos creadores tanto en pedra como en madeira, incluso en novos materiais non cabe dúbida que hai un pouso de tradición, de historia e nela a presenza e as buscas de Asorey. Dalgún xeito estamos a referirnos a esas figuras e temas contraíto, denuncias tamén da deshumanización, moi a ritmo co noso tempo, as dese outro Francisco, Paco Leiro, como os pórticos, os xogos experimentados entre o observador e o espazo nos que nos mete Manolo Paz... e máis que fan de Cambados capital de escultores.

COETÁNEOS E SEGUIDORES DUNHA NOVA ESTÉTICA

Os innovadores, Bonome, Compostela ou Xosé Eiroa Barral, falecido no 1934 e considerado por aquela xeración como unha gran promesa escultórica.


Creadores máis novos, os que, bebendo nun rexionalismo tratado dende o expresionismo lánzanse a executar obras tinxidas dun carácter popular con base na arte dos canteiros tradicionais. Velaí a obra intensamente costumista tradicional de Xosé María Acuña (1903-1991) que leva os seus bocexos en escaiola ao bronce, onde recolle aspectos do ambiente tradicional galego, o dos labregos e mariñeiros, as romarías. Camilo Nogueira (1904-1982) que, aínda imbuído daqueles mesmos temas e simbolismo prefere complexos conxuntos escultóricos. Uxío Souto (1903-1988) segue con esas mesmas premisas, para no exilio mexicano, dende o realismo camiñar cara á elementalidade que marcan novos ventos da Arte Moderna, evitando os ángulos e tendendo a formas monolíticas e curvas tan no sentir galego. Velaí a escultura, en pedra negra, de "*Indiña de Thamauchán*", exaltación da muller indíxena mexicana. Seguindo as tradicións dos canteiros e dándolle un carácter poético está o escultor ourensán Antonio Failde (1907-1979) recrea sobre o tradicional mundo da muller, dos nenos, de grupos familiares... dedicado aos encargos funerarios, tratados dende un singular sentimento primitivista. Xoán Piñeiro (1920-1980) segue eses mesmos principios tradicionalistas levados á pedra para ilos suavizando e estilizando. O tudense Cristino Mallo (1905-1989), irmán da pintora Maruja, Premio Nacional de escultura no 1933, con "*nu con peixe*", primeira

medalla de Escultura na *Exposición de Bellas Artes* de 1954 que apartado do rexionalismo estará máis imbuído de influencias renovadoras europeas tendentes á simplicidade, moi considerado no seu tempo, representado a España en varios encontros expositivos, na *Bienal Internacional de Escultura de Amberes* no 1961, no Museo Rodin de París en 1971, na homenaxe a Henry Moore da Facultade de Belas Artes de Madrid no 1981. No 1983 Medalla de ouro das Belas Artes.

ASOREY VISTO POLOS CREADORES E AMIGOS DO SEU TEMPO

Peiteado de lado, cara alargada e delgada, marcada a mandíbula e os pómulos, nariz aquilina, ollos azuis que esculcan atentamente, alto, delgado... Así retratan ao escultor de Cambados amigos creadores daqueles anos, pintores, escultores, fotógrafos ou caricaturistas, dalgún xeito asumiron a significación de Asorey na arte e retrataron ao artista, mesmo considerando o retrato como un desafío ás súas capacidades artísticas.

Así Juan Luis e Asorey, no 1913, por mor da exposición no Centro Galego de Madrid retratáronse mutuamente e aquel dedicou a súa obra "*al Rodin Gallego*": recolle a un Asorey que dende un fondo escuro, ladeado, mira e sorrí. Tamén o fixo o pintor cubano Manuel Mesa que retrata ao escultor, mirando de banda e co seu singular sorriso, faino a carón de *Picariña*, todo un símbolo. Sendo significativa a caricatura realizada por Carlos Maside. O busto en mármore do seu discípulo José María Acuña (1903-1991), onde a cabeza xurde, como un ovo do niño da pedra marmórea en inicio desbastada para, creando contrastes, puírse e perfeccionarse. Tamén o pintor Camino fai un retrato do artista en momentos críticos da guerra, co seu nariz aquilino, cavilando, denotando o desánimo, as contrariedades. No 1957 Felipe Criado retrata ao o escultor como patriarca, no seu taller, reclinándose e acougando a man dereita sobre o xeonllo, outra nos cadrís a carón dun libro e dunha imaxe do Bautista, a xanela aberta á horta e ós volumes de tellados e torres de Compostela.



Monumento a Curros. A Coruña.
Detalle. Francisco Asorey, 1934

O ESCULTOR ASOREY


08

**Lección para
hoxe**



Dolmen de Castelao. Revista Nós

AS OBRAS DE ASOREY HOXE, SOMETIDAS AO PASO DO TEMPO

 Consello Superior de Investigacións Científicas, herdeiro nos anos do franquismo do Seminario de Estudos Galegos garda a escultura de *Codeo*, namentres que o Museo de Arte Contemporáneo Carlos Maside de Sada ofrece o bocexo en escaiola de *Picariña*, o Museo de Pontevedra ten entre os seus fondos en exposición o bocexo en escaiola de “*Naiciña*”, así como unha importante colección de figuras cerámicas das Industrias de Pontecesures. O Museo de Lugo mostra as tan representativas imaxes de *Ofrenda a San Ramón* e o *San Francisco*. O Museo de Belas Artes da Coruña “*Filliña*”, o Museo Municipal de Santiago, xunto co Museo do Pobo Galego ademais de mostrar os instrumentos de traballo de Asorey, depositados pola familia, ofrece apuntes e debuxos, a Real Academia Galega de Belas Artes garda o bocexo da Virxe do Carme, como a Escola de Arte e Superior de Deseño da Coruña a maior escala.

Actualizado o inventario, catalogación, localización da obra de Asorey, traballo de actualización sempre inacabado, cómpre determinar o estado de conservación, especialmente dos monumentos sometidos á intemperie, aos fenómenos climatolóxicos, de contaminación, vandalismo e mesmo por malas prácticas na limpeza dos mesmos. Coñecemos o estado da cuestión de moitos destes monumentos, algúns deles sometidos a limpeza a presión que van puíndo a traza expresionista, mesmo a sinatura do escultor, como no caso da Coruña, cando non ao abandono dos musgos que van radicando na pedra, para logo murchar e ir progresivamente arrincando a pedra. Mesmo en ocasións asoma a insensibilidade, a falla de respecto con obras tan singulares no momento de trazar un cableado ou de instalar un palco, carpas, etc. É este o caso de moitos bustos, como o marmóreo do doutor Manuel Martín Salazar, no parque do coruñés Sanatorio de Oza, como o do filántropo Vicente Ramos Rodríguez dos Anxos, Brión... entre outros destes maxistrals retratos que merecen maior protección.

Dentro do que propón o artigo 46 da *Constitución Española* que insta aos poderes públicos á salvagarda do Patrimonio cultural dos pobos de España, preocupa o seguimento e estado da cuestión das obras de Asorey que noutrora pertenceron a colectividade galegas de Iberoamérica, agora en crise, moitas delas emblemáticas na produción do artista, como a imaxe de Santa ou o mesmo Altar para o Panteón Galego da *Chacarita* de Bos Aires, aspectos, máis ben documentos da Historia da Cultura Galega, que a Xunta de Galicia, a través dos diferentes departamentos de emigración debe controlar.

Non sería desacertada a proposta de declaración de Ben de Interese Cultural dalgunhas das obras de Asorey, como o Monumento a Curros da Coruña, ou o de San Francisco, entre outras

esculturas como Ofrenda a San Ramón ou o San Francisco... cando non buscar fórmulas de protección especial para o conxunto da obra do escultor galego, igual que en Zamora se fixo coa obra do escultor Baltasar Lobo, ou coa de Esteban Vicente en Segovia. Neste caso pola súa significación para Galiza, como para a Historia da Cultura Galega.

As Piedades de Castelao





Conclusións

**A significación
intemporal dun
escultor do
"espírito"**

AÑO DE 1808
PROBADO EN EL 6 DE OCTUBRE
DE 1808 POR DON PEDRO DE
SANTANA DON ZEPHYRUS DE
TORRES DEZADO O DO
AUSTRIACO



CABANILLAS



OS ESTUDOS SOBRE A OBRA DE ASOREY: DE OTERO TÚÑEZ A MARIBEL IGLESIAS

A numerosa obra de Asorey como escultor en diferentes ámbitos, tal como no relixioso, como sobranceiro retratista, no costumista, no funerario, nos monumentos públicos, en placas, en medallas, mesmo en complementos en bronce ou *souvenirs* cerámicos, foi comentada e estudada profundamente, incluso en vida do mesmo escultor. Ao respecto é referente a obra realizada polo profesor de Historia da Arte da Universidade compostelá Ramón Otero Túdez. Estudo que foi homenaxe da mesma Universidade ao cumprirse o setenta aniversario do escultor (4-III-1959). Estudo que será como pedra angular para futuros traballos, como os que hoxe se seguen facendo, xa tendo en conta as perspectivas que permite a historia, tan lonxe daqueles coutos aos que sometía a ditadura franquista. Dentro da referida época actual é sobranceira a actualización da obra de Asorey realizada pola doutora Maribel Iglesias Baldonado, a que contextualiza ao escultor no seu tempo, o que abre e discorre pola primeira metade do século XX, anos de confrarías, irmandades, seminarios... tinxidos de canto significa o historicismo romántico e dende do que se dá un paso decisivo, rupturista, as influencias de Rodin e sobre todo de Picasso, creadores de formas que abren a novos camiños na Historia da Arte. A doutora Iglesias Baldonado revisa, cataloga e actualiza tanto aspectos biográficos como de creación do escultor, considerado como renovador da escultura galega, a un tempo cargado do que entón se buscaba e cualificaba como espírito galeguista. Personalidade vinculada co sentir das *Irmandades da fala*, co *Seminario de Estudos Galegos*, seguindo os pasos do seu paisano, trece anos maior, Ramón Cabanillas. Asuntos de ética e estética, tan tratados en parladoiros como os estivais de Mondariz, que tamén seguiron o escenógrafo Camilo Díaz Baliño ou o arquitecto Antonio Palacios...



PÁXINA ESQUERDA:

Monumento a Ramón Cabanillas. Cambados.
Francisco Asorey, 1959.

Fotografía: Xurxo Lobato

Ao respecto e dende a atracción que supón o escultor tampouco faltan textos didácticos, itinerarios que tratan de sensibilizar, tal como o proposto en páxinas internáuticas por Mercedes Espiño. Estudos que, ao longo dos anos se complementan con celebracións conmemorativas que enxalzan ao escultor, do mesmo modo que as realizadas pola *Xunta de Galicia* e o Concello de Cambados no 1989, con motivo do centenario, secundada polo Museo do Pobo Galego, xunto coas diversas mostras da obra do escultor, cada vez máis completas, merecendo mención especial a realizada no Pazo do Torrado en Cambados, de agosto a setembro do 2011 e de setembro a fins de outubro do mesmo ano na Fundación Torrente Ballester de Compostela. A sumar agora o desexo da Academia de seguir a divulgar ao creador, aos seus estudosos, á súa obra, así como protexela.

ASOREY E A SÚA OBRA, CAMBADOS E COMPOSTELA CELEBRADOS NO DÍA DAS ARTES GALEGAS DO 2024

E non podía ser doutro xeito que a Real *Academia Galega de Belas Artes* lle dedicase, neste 2024 ao escultor Asorey unha das súas primeiras celebracións do 1 de abril, como “*Día das Artes Galegas*” na que se conmemora a colocación, no 1188, polo Mestre Mateo, dos linteis do Pórtico da Gloria.

Francisco Hipólito Asorey González (Cambados, 1889-Compostela, 1961) foi fillo de emigrantes enriquecidos e retornados da Arxentina, o que, dende neno e pese ao seu pai, sinte a tradicional



Comparativa entre a obra de Ksado e Asorey.

Arquivo Xurxo Lobato

vocación de santeiro e imaxineiro, para, en 1903 marchar a formarse nas Escolas dos Salesianos de Sarriá (Barcelona) e logo, no 1906 profesor de debuxo na escola da mesma orde en Barakaldo (Biscaia) onde montará taller, e formará discípulos, entre outros Julio Beobide.

ENTRE OS "ISMOS" MODERNISTAS A BUSCA DA ORIXINALIDADE: BARCELONA, BARAKALDO, MADRID...

Naqueles primeiros anos Asorey recibirá encargos de tema relixioso e faino sometido ao clasicismo grecolatino, renacentista que impoñía a mesma igrexa, sen deixar de enxergar o acontecer escultórico dunha Europa que se movía entre unha infinidade de buscas que abren ao Modernismo. Momentos nos que se fai sobranceira a obra escultórica de Rodin e o seu xeito expresionista de tratar a escultura. E algo máis que incide nas artes, especialmente na pintura e na escultura, referímonos ás novas artes da imaxe, á fotografía e ao cine, os que retomaban coidadas imaxes, en contrastes de luces e sombras, de temas críticos en relación co traballo, co agro, coa etnografía... Ao respecto será sobranceira na obra de Asorey a influencia e a amizade do escultor co fotógrafo Luis Casado Fernández (Ksado) (1887-1972) avilesino, de neno afincado en Ourense e formado alí co gran e influente fotógrafo Pacheco, para dende 1915 afincarse na rúa do Vilar Compostelá, cidade na que había unha gran competencia de fotógrafos, no 1919 viaxa a París



Comparativa entre a obra de Ksado e Asorey.

Arquivo Xurxo Lobato

para mercar novo e innovador material fotográfico. Son anos nos que recolle temas parellos cos que traballa Asorey, como *Picariña*, *Naiciña*... Dende entón e ante o éxito profesional monta outro establecemento en Vigo. Abatido pola guerra Ksado, diminúe e cesa a que fora solicitada e excelente actividade artística.

No 1909, entrando en filas, Asorey vese obrigado a ir a Madrid, onde alterna as súas actividades e onde convive con Julio Romero de Torres, participando das preocupacións *Decadentistas* que embargaban a moitos intelectuais, especialmente ao galeguismo. No 1918, ano da gripe, consegue a praza de escultor de *Anatomía na Facultade de Medicina Compostelá*, cidade na que se establece para casar, no Santuario da Escravitude, con Jesusa Ferreiro. Polos anos 20, monta taller na costa de Caramoniña, en Bonaval... Anos nos que se envolve nos ventos e na sensibilidade preconizada por moitos creadores, "inadaptados", "diferentes"... que atopan nas raíces históricas de Galiza, na orixe, a orixinalidade como aporte á universalidade. Búscase re-crear sobre os presupostos que ofrecen as tradicións galegas, as do panceltismo atlántico e as do Cristianismo (Risco, Castelao, Cabanillas, Antonio Palacios...). Posta en valor das esencias de espírito que singularizan a Raza, o sentir etnolóxico, cultural, diferencial de Galiza, como feito de erguer a dignidade do pobo asoballado.

Os materiais preferidos para a escultura serán os da Terra, a pedra e a madeira, axudados polo singular xeito de traballo expresionista, polo que se deixa denotar na materia o curso das gubias ou dos ciceis, da policromía. Temas cargados de simbolismo, lonxe do pintoresquismo ou do folclorismo enxebre e nos que radican as esencias de celtismo e cristianismo, contando sempre cos herdos clásicos que propuñan as academias.

O RECOÑECIDO E PREMIADO ESCULTOR DO "ESPÍRITO" DE GALIZA

Velaí a pequena e ben gabada escultura en madeira policromada, de *Picariña* (1920)... as posteriores de *Naiciña* (1921), *O tesouro*, *Ofrenda a San Ramón*, *Santa* (ambas do 1923) algunhas das que foron moi eloxiadas nas exposicións nacionais de Belas Artes de Madrid, conseguindo, no 1926 a imaxe do *San Francisco* a primeira medalla, a que presenta, en contraste con "*Santa*", a imaxe espida da muller labrega... Obras de tema galego, de base pegada á Terra en ascese ao vértice, á Luz, nas que se fai sobranceiro ese buscado carácter, o que entón dicían de "*raza*", en relación coa etnia, o da "a Galiza santa de romeiros e xograres" que cantaba o seu paisano e amigo o poeta Ramón Cabanillas.

Escultor que, mesmo naqueles anos non deixa de participar na precursora experiencia cerámica levada a cabo polo empresario Diéguez, en Pontecesures, o das cerámicas Celta. Empresa para a que fai algunhas figuras, acudindo a temas xa populares, de carácter étnico e fundamentalmente compostelán.

No ano 1931 e xa en plena sona como gran escultor, recibindo múltiples encargos monumentais, de retratos, placas, medallas... traslada o seu taller da canella de Caramoniña ás inmediatas hortas

de Santa Clara, a carón da sorprendente e inspiradora arquitectura barroca e xeométrica de Simón Rodríguez. Será aquí onde labra grandes monumentos como o de San Francisco en Compostela, do *aviador Loriga para Lalín*, o de *Curros* para Coruña, a *Virxe de Tanxil* para Rianxo... Monumentos que expresan esa permanente ansia de ascese: partindo da Terra, das raiceiras até ir trazando un xeito de camiño, ascese piramidal, cara á cima, ao vértice no que triunfará a Alborada, a Aurora, a cruz como cosmogonía. Idea de caos cara ao cosmos e por medio a ascese dun viacrucis ou dunha peregrinación, tal como simbolizan as estelas funerarias galaico-romanas ou mesmo as fachadas occidentais dos templos románicos, tan cargadas dese simbolismo que rescata Asorey.

OBRAS SIMBOLISTAS QUE ARRANCAN DA FORZA DA TERRA, CARA Á LUZ... E POR MEDIO UNHA ASCESE

Asorey era coleccionista de crucifixos e imaxes populares, de xerros de cinco dedos, os máis de Sargadelos, de panos populares con debuxos de cachimira... Ambiente do taller de Santa Clara que o profesor Otero Túñez describe minuciosamente como reflexo do sentir do escultor.

Esperanzas galeguistas que foron truncadas pola guerra civil, que levou ás cunetas, ao paredón ou como menos ao exilio a moitos daqueles seus "irmáns". Asorey como moitos daqueles acolléronse ao seu sentir relixioso, procuraron salvarse, o que tampouco lle valeu a algúns, pese as súas crenzas e tradicións católicas. De algo lle serviron a Risco, a Otero Pedrayo, Cuevillas ou mesmo Cabanillas, a Palacios e ao mesmo Asorey.

Asorey seguiu recibindo encargos, os que realizou coa súa maior dignidade, entre os que son sobranceiros o *Altar para o Panteón Galego da Chacarita* en Bos Aires, o Monumento ao Padre Feijóo de Samos, o do astrónomo Aller en Lalín, o Cristo de Moia... entre algúns bustos, sempre caracterizados polas súas dotes para a expresividade. Sen faltar os monumentos dedicados aos mártires e aos soldados da guerra.

O 2 de xullo de 1961, vítima da silicose, a enfermidade dos arxinas, os canteiros, Asorey falece en Compostela, os seus restos mortais foron enterrados no Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval.

O escultor cambadés foi, é e será recoñecido, admirado e aplaudido en vida e en morte por un pobo que se identifica na súa obra, que agradece e devolve o agarimo co que se respecta e trata. Cómpre agora velar por ese legado escultórico representativo dun tempo da universalidade de Galiza, en ocasións bustos, monumentos á intemperie, sometidos ao devalar do tempo e de circunstancias pouco propicias.



Debuxo de Castelao. Revista *Nós*

O ESCULTOR ASOREY

| **Bibliografía**



ASOREY

BIBLIOGRAFIA SOBRE O ESCULTOR ASOREY

- ASOREY ABELLEIRA, MARÍA DEL CARMEN: *O Asorey descoñecido*. Catálogo da exposición Francisco Asorey, 125 anos do seu nacemento. Comisaría e texto: M. Carmen Asorey Abelleira. Santiago, 2014.
- DÍAZ LORENZO, JUAN CARLOS: *El alma recóndita de Francisco Asorey*, 2011.
- DOCOBO DURÁNTEZ, JOSÉ ANGEL: *La obra científica de Aller Ulloa*, Fundación Alfredo Brañas, Santiago, 1991.
- FERNANDEZ CID, MIGUEL: *Francisco Asorey (Cambados 1889-Santiago de Compostela 1961)*. Folleto para a exposición no Pazo do Terrado de Cambados de 1 agosto ao 4 de setembro e na Fundación Gonzalo Torrente Ballester de Santiago, de 9 setembro a 30 outubro de 2011.
- GONZÁLEZ, XOÁN XESÚS: *A modelo de Paco Asorey*. Edición e notas de Marcos Seixo. Ed. Xerais, 2002.
- GUTIERREZ MÁRQUEZ, ANA MARÍA: *Julio Beobide un escultor del pueblo*. Bilbao 1977.
- IGLESIAS BALDONERO, MARIBEL: "El escultor Francisco Asorey y las obras que realizó para la Armada Española". Revista General de Marina. Ministerio de Defensa. (n.270 Mayo 2016, pp. 599-620). Madrid 2016.
 - Francisco Asorey, escultor galego, Ourense, Dr. Alveiros. Fundación V. Risco. Ourense 2018.
 - "Ramón Cabanillas e Francisco Asorey, «vidas paralelas». Amizade fonda e traxectorias cruzadas". Adra. Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego. N. 14. (pp 81-95). Santiago de Compostela 2019.
- JORGE BARREIRO, FRANCISCO JAVIER: "Francisco Asorey y la Facultad de Medicina de Santiago", Gallegos, n° 21, 2015, páx. 63-68.
- OTERO TÚÑEZ, RAMÓN: *El escultor Francisco Asorey*. Ediciones de la Universidad de Compostela. 1ª ed. Santiago, 1959.
 - "Excursiones por Galicia. El Santuario de la Esclavitud" Boletín de la Universidad Compostelana, n.-62. Santiago 1954.
 - "La Virgen María en la escultura de Asorey". Compostellanum 1961.
 - "Homenaje al escultor Asorey". Goya. 46. Madrid 1962.
 - "El arte románico y el escultor Asorey". Cuadernos de Estudios Gallegos XVII. Madrid 1962.
 - *El Padre Feijoo. Escultura*. Simposio sobre el P. Feijoo y su siglo. Oviedo 1966.
 - "Los años jubilaires de Santiago y el escultor Asorey" Boletín de la Universidad Compostelana, n.-75-76. Santiago 1967.
 - "Los últimos vóctores de la Universidad Compostelana". Cuadernos de Estudios Gallegos. Santiago 1970.
 - *Una escultura inédita de Asorey*. Instituto Express Lorca. 1976.
 - *Asorey 25 anos despois*. Xunta de Galicia-Concello de Cambados, 1987.
- RABANAL ÁLVAREZ, MANUEL: *EL Cristo de Asorey*. Coloquio Obradoiro. Santiago 1952.
- SÁNCHEZ ARINES, CARMEN MARÍA: *O Cemiterio compostelán de Boisaca e o patrimonio funerario*. Departamento de Educación e Cidadanía, Concello de Santiago, 2018.
- SERRANO TÉLLEZ, NURIA: "El Museo Municipal de Santiago de Compostela en el convento de Santo Domingo de Bonaval". Boletín de la ANABAD, Tomo 45, N° 1, 1995, págs. 195-220.
- VVAA: *Centenario Francisco ASOREY* (catálogo), Museo do Pobo Galego. Compostela, 1989.
- YAÑEZ, LUCILA: "El arte de Asorey en Lugo". (Sección Por amor al arte/vivir) *El Progreso*, domingo 6 de agosto 2023, pp. 44-45.
 - "Sesión de posado en el Museo Provincial" (Sección Por amor al arte/vivir) *El Progreso* domingo 5 de Junio, 2022, pp. 70-71.

PÁXINA ESQUERDA:

Tumba de Francisco Asorey.

Panteón de Galegos e Galegas Ilustres,
Santiago de Compostela

Páxinas electrónicas

- ADELA LEIRO sobre Asorey: <http://www.adelaleiro.com/>
- BIBLIOTECA DIGITAL DEL PATRIMONIO IBEROAMERICANO <http://www.iberioamericadigital.net/BDPI/>
- CORTAZAR, JAIME: 'Barkazio Kristoa' (Ikastetxeke elizan) /2016/03/24 by admin sobre Asorey en Barakaldo, <https://salesianosbarakaldo.net/eusk/?p=4588>
- ESPÍÑO, MERCEDES: https://www.edu.xunta.gal/centros/cafi/aulavirtual/pluginfile.php/197211/mod_resource/content/1/RFACompostela.pdf
- FRANCISCANOS: <https://franciscanosantiago.org/2018/03/31/monumento-deasorey-a-san-francisco/>
- FUENTES VALCARCEL, ALBERTO: Francisco Asorey. www.https://xn-artnouveauacorua-crb.com/personajes/francisco-asorey/
- GALICIANA-BIBLIOTECA DIXITAL de GALICIA, servizo público xestionado pola Biblioteca de Galicia: <http://biblioteca.galiciana.gal/>
- IGLESIAS BALDONEDO, MARIBEL: <http://cicelepedra.blogspot.com/>
- IGLESIAS BALDONERO, MARIBEL: <http://fotosantigascambados.blogspot.com/2014/03/un-4-de-marzo-fai-125-ano-naceu.html/>
- YAÑEZ, LUCILA: <https://www.elprogreso.es/gl/opinion/lucila-yanez/asorey-el-santo-yla-santa>
- PÉREZ OTERO, VICENTE: <https://vicente-perez-otero.webnode.es/>, 2015
- PORTET Y CAPDEVILA, ROSER: El Crist d'Asorey/
C:/Downloads/403316-Text%20de%20l'article-587613-1-10-20220727.pdf
- REAL ACADEMIA GALEGA (Roberto Nóvoa Santos): <https://academia.gal/>
- SANTIAGO TURISMO: <https://www.santiagooturismo.com/>
- WIKIPEDIA: <https://gl.wikipedia.org/wiki/PDF>
- IGLESIAS BALDONEDO, MARIBEL: Francisco Asorey, escultor galego - Minerva – USC https://minerva.usc.es/xmlui/bitstream/10347/14799/1/rep_1206.pdf
- LEIRO, ADELA: Ano Asorey 2011, exposición Asociación Candea e centros de ensino do Salnés: <http://www.adelaleiro.com/gestion/catalogo/docs/ANOASOREY-2011->
- EXPOSICIÓN-CANDEA CENTROS SALNÉS.pdf

Obras xerais

- CASTRO FERNÁNDEZ, JOSÉ ANTONIO: *Escultura Gallega del siglo XIX*. Tinta China 4,5 Vigo 1982.
- CASTRO FERNÁNDEZ, ANTÓN: "O hermetismo da Posguerra". Galicia, tomo XVI, Arte. pp. 76-80. Hércules ediciones. A Coruña 1999.
- CHAMOSO LAMAS, MANUEL. *Galicia Arte*. Col. Tierras de España 1. 1976.
- GAYA NUÑO, JUAN ANTONIO: *Escultura Española Contemporánea*. Col. Guadarrama de Crítica y Ensayo. Madrid 1957.
- LÓPEZ VÁZQUEZ, X. M: "Do 98 á Segunda República". Galicia, tomo XV, Arte. pp. 242-250. Hércules ediciones. A Coruña 1999.
- MARTÍN GONZÁLEZ, JUAN-JOSÉ: *Historia de la Escultura*. Madrid 1964.
- OTERO TUÑEZ, RAMÓN: "Realismos e Rexionalismos. Asorey". *Artistas Gallegos*. Nova Galicia Edicións pp. 21-64. Vigo 2002.
- PANTORBA, BERNARDINO: *Historia y crítica de las exposiciones nacionales de Bellas Artes*. Madrid 1952.
- PARDO CANALS, ENRIQUE: "Escultura Española de un siglo". Catálogo de la exposición *Un siglo de arte español* (1856-1956). Dirección General de Bellas. Artes. Madrid, 1955.
- RABADE PAREDES, XESÚS: ASOREY GONZÁLEZ, FRANCISCO. *Gran Enciclopedia Galega*, Silverio Cañada, tomo 4, Edit. El Progreso Diario de Pontevedra. Pp. 72-76. Lugo 2011.
- PERMANYER I SERT, ELVIRA: "L'estiueig a Moia de 1939 a 1969"; "Veraneantes y forasteros". *Revista d'estudis del Moianés*, Modilianum (2021, n. 64. pp. 85-144).
- RIAL LÓPEZ, MANUEL/RIAL SEGADE, MANUEL: *Cerámica de Pontecesures*, Un ejercicio para el alma. Gráfica Lasa, SL. Padrón 2016. Pp. 51, 52.
- SOBRINO MANZANARES, MARÍA LUISA: *Historia del Arte Gallego*. La Edad Contemporánea. Madrid 1982.



Debuxo de Castelao



Imprenta Provincial, A Coruña, 2024



**Retrato de
Francisco Asorey González**

Fotografía: Pacheco





O ESCULTOR **ASOREY**

FELIPE-SENÉN LÓPEZ GÓMEZ

Real Academia Galega de Belas Artes